


PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

MEMORIA XUSTIFICATIVA.

CARPETA 01.MX

PARTE II. XUSTIFICACIÓN



Outubro 2023

PARTE II. XUSTIFICACIÓN**PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELL O DE NARÓN.**

01. ANTECEDENTES	4
02. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE	7
03. EXAME E ANÁLISE PONDERADO DAS DIFERENTES ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS	10
04. DEFINIÇÃO DE OBXECTIVOS DO PLAN	11
04.1 OBXECTIVOS	11
05. SOLUCIÓNS XERAIS DE ORDENACIÓN. A CLASIFICACIÓN DO SOLO	15
05.1 CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN	15
05.2 SOLO URBANO	15
05.2.1. NÚCLEO URBANO DE NARÓN.....	15
05.2.2. SOLO URBANO DO POLÍGONO DE RÍO DO POZO.	24
05.3 SOLO URBANIZABLE.....	26
05.3.1. DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO RACIONAL.....	38
05.4 SOLO DE NÚCLEO RURAL	40
05.5 SOLO RÚSTICO.....	44
05.6 CADRO DE SUPERFICIES.....	50
06. A DIVISIÓN EN DISTRITOS NO SOLO URBANO. ORDENACIÓN E DESENVOLVEMENTO URBANÍSTICO	51
06.1 A DIVISIÓN EN DISTRITOS	51
06.2 ÁMBITOS DELIMITADOS DE SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.....	53
06.3 SECTORES DE SOLO URBANIZABLE.....	56
06.4 ÁREAS DE ACTUACIÓN INTEGRAL EN SOLO DE NÚCLEO RURAL.....	57
06.5 ÁREAS DE PLANEAMENTO INCORPORADO (API).....	58
06.6 PLANEAMENTO DE DESENVOLVEMENTO	59
06.7 ACTUACIÓNS ILLADAS	63

07. LÍMITES DE SOSTENIBILIDADE	65
07.1 LÍMITE DE SOSTENIBILIDADE EN SOLO URBANO NON CONSOLIDADO	65
07.2 LÍMITE DE SOSTENIBILIDADE EN SOLO URBANIZABLE	68
08. O SISTEMA DOTACIONAL.....	70
08.1 O SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS. CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES DE SISTEMA XERAL	70
08.1.1 S. X. ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES.....	70
08.1.2 S.X. EQUIPAMENTOS.....	72
08.1.3 CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES DE SISTEMA XERAL.....	75
08.2 O SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS. CUMPRIMENTO DE CESIÓN DE SISTEMA LOCAL NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.	75
08.2.1 SISTEMA LOCAL: ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES.....	75
08.2.2 SISTEMAS LOCAIS: EQUIPAMENTOS EXISTENTES E PREVISTOS.....	78
08.2.3 SISTEMAS LOCAIS: ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS NAS ÁREAS DE REPARTICIÓN. CUMPRIMENTO DAS RESERVAS MÍNIMAS.....	79
08.3 O SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZO	83
08.3.1 ABASTECIMENTO. XUSTIFICACIÓN DA DISPOÑIBILIDADE DO RECURSO	85
08.3.2 REDE DE SANEAMENTO	86
08.4 O SISTEMA XERAL INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS.....	86
08.4.1 SISTEMA VIARIO	87
08.4.2 SISTEMA FERROVIARIO.....	88
08.4.3 SISTEMA PORTUARIO	89
09. RESERVA DE SOLO PARA VIVENDA PROTEXIDA	90
10 XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DO PLAN COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. LEXISLACIÓN SECTORIAL.....	94
10.1 COHERENCIA COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO.....	94
10.2 COHERENCIA CO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL. LEI DE ORDENACIÓN E XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL DE GALICIA.	96
10.3 COHERENCIA CON OUTROS IOT	98
10.3.1 PLAN HIDROLOXICO DA DEMARCAÇÃO HIDROGRAFICA GALICIA- COSTA.....	98

10.3.2 PLAN SECTORIAL DA REDE VIARIA DE FERROL, FENE, NEDA, NARÓN, ARES, MUGARDOS E CABANAS, E A SÚA POSTERIOR MODIFICACIÓN	99
10.3.3 PLAN SECTORIAL DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA	103
10.3.4 ACTUACIÓN INDUSTRIAL RÍO DO POZO- SECTOR II.....	104
10.3.5 PLAN SECTORIAL EÓLICO DE GALICIA.....	105
10.3.6 PLAN SECTORIAL DE APARCADOIROS DISUASORIOS.....	105
10.3.7 MAPAS ESTRATÉXICOS DE RUIDO	105
10.3.8 DIRECTRICES DE PAISAXE	105
10.3.9 OUTROS PLANS.....	106
10.4 COHERENCIA COA LEXISLACIÓN SECTORIAL.....	106
11. A XESTIÓN URBANÍSTICA. A EXECUCIÓN DO PLAN. SISTEMA DE PONDERACIÓN. ÁREAS DE REPARTICIÓN. O APROVEITAMENTO XERAL.....	107
11.1 CRITERIOS DE XESTIÓN. A EXECUCIÓN DO PLAN. ÁREAS DE REPARTICIÓN.....	107
11.2 O APROVEITAMENTO XERAL. EQUILIBRIO.....	111
11.3 ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN. PRIORIDADES	112
12. .DIMENSIONADO DO PLAN.....	118
12.1 CÁLCULO DA CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PXOM.....	119
12.2 CAPACIDADE MÁXIMA DO PXOM.....	121
12.3 XUSTIFICACIÓN DOS DESENVOLVEMENTOS RESDENCIAIS PROPOSTOS EN SOLO URBANIZABLE	122

01. ANTECEDENTES

O 26 de marzo de 2009 a Xunta de Goberno Local do concello de Narón adjudicou o contrato de servizos para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal à empresa DOLMEN S.L., conformando un equipo multidisciplinar, con persoal propio e colaboracións externas.

Redactouse o Documento de Inicio, comunicándollo á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (SXCAA) o 22 de novembro do 2010. A exposición pública na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, produciuse entre o 23-11-2010 e o 23-12-2010. O Documento de Referencia emitíuse pola SXCAA o 18 de xaneiro de 2011.

Desde a entrega do documento inicial no 2011 houbo unha serie de modificacións de gran alcance na lexislación en materia urbanística e ambiental que foron atrasando a redacción do plan. O concello decidiu esperar á aprobación da nova lei do solo, antes de continuar; en consecuencia, unha vez aprobada a Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia (LSG), continúanse os traballos de redacción do plan, que ao non contar coa aprobación inicial, deberá adaptarse á Lei 21/2013 do 9 de decembro de Avaliación Ambiental.

Unha vez retomados os traballos elaborouse o Borrador do plan xeral, que responde ao disposto na da LSG, que obriga á revisión do Documento de Inicio, entregado con anterioridade, e que debe adaptarse ao novo marco legal, segundo a disposición transitoria primeira da Lei do Solo que di: *“Os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial en data de entrada en vigor desta lei deberán adaptarse plenamente a ela.”*

Este documento de Borrador de Plan Xeral someteuse, xunto co Documento Inicial Estratéxico, ao trámite preceptivo de consultas, recibíndose informe dos seguintes organismos.

- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo. Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, do 18.09.2017
- Instituto de estudos do territorio, Consellería de medio ambiente e ordenación do territorio, do 29.09.2017
- Dirección Xeral do patrimonio cultural, Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria, do 09.08.2017
- Axencia galega de infraestruturas, Consellería de infraestruturas e vivenda, do 14.09.2017
- Dirección Xeral de ordenación e produción forestal, Consellería do medio rural, do 20.09.2017

- Servizo de Innovación Tecnolóxica da Acuicultura da Dirección Xeral de Pesca. Acuicultura e innovación Tecnolóxica. Consellería do mar, do 15.09.2017
- Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, do 25.08.2017 (data rex. saída)
- Demarcación de estradas do Estado en Galicia, Ministerio de fomento, do 25.08.2017
- Secretaría Xeral de infraestruturas (FFCC), Ministerio de fomento, de agosto de 2017.
- Dirección Xeral de gandería, agricultura e industrias agroalimentarias, Consellería do medio rural, do 31.08.2017
- ADEGA- Trasanco, do 18.09.2017
- Asociación de Veciños Os Cruceiros, do 16.09.2017
- Varios particulares.

Fora do período de consultas foron recibidas na consellería os seguintes informes:

- Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 13.11.2017
- Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural, do 06.11.2017.

Tamén foron recibidos no Concello os seguintes informes:

- Secretaría Xeral de Transporte da Dirección Xeral de Aviación Civil, do 17.10.2017 con rexistro de entrada municipal nº 17.416 de 20.10.2017.
- Informe complementario da Secretaría Xeral de Transporte da Dirección Xeral de Aviación Civil, do 06.10.2017, con rexistro de entrada municipal nº 18.072 de 02.11.2017

En marzo de 2019 entregouse no concello o documento para a aprobación inicial, que se trasladou aos organismos sectoriais que teñen que emitir informe previo á aprobación inicial.

Recibíronse os seguintes informes:

Estatais

- Dirección Xeral de sustentabilidade da costa e do mar, Ministerio de agricultura e pesca, alimentación e medio ambiente.
- Demarcación de estradas do Estado en Galicia, Ministerio de fomento.
- Dirección Xeral de aviación Civil. Ministerio de Fomento
- Subdirección Xeral de patrimonio, Ministerio de defensa.
- Subdirección Xeral de Planificación Ferroviaria. Ministerio de Fomento

Comunidade autónoma:

- Axencia galega de infraestruturas, Consellería de infraestruturas e vivenda (sobre servidumes acústicas).
- Augas de Galicia, Consellería de infraestruturas e mobilidade
- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo en materia de Costas. Xunta de Galicia

Ademáis emitiron informe as seguintes empresas subministradoras de servizos:

- UFD Distribución Electricidade S.A.
- Negdia, Grupo Naturgy
- Cosma S.A.
- Electrica del Narahío S.A.

O Informe da Demarcación de estradas do Estado en Galicia de data 19 de decembro de 2019 ten carácter desfavorable motivado pola carencia de estudo de tráfico.

En marzo de 2020 rexístrase no Concello un documento complementario denominado “RESPOSTA INFORME 16/12/2019 Demarcación Estradas do Estado en Galicia” para a súa remisión ao organismo sectorial. Este documento contiña o estudo de tráfico solicitado, así como resposta a outras deficiencias sinaladas no informe. A raíz deste documento, o organismo sectorial emitiu informe favorable con data de 14 de outubro de 2020 no que se tiña en conta o informe previo da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia datado a 22 de setembro de 2020.

02. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE

O vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Narón, do ano 2002 (PXOM'02), redactouse nun momento no que probablemente non existía unha base sociolóxica ampla preocupada polas cuestións que motivan a actual redacción do plan xeral: os límites de crecemento, a capacidade de acollida real do territorio polos usos que se implantan, o consumo de recursos (renovables ou non), a xeración de residuos e a capacidade de reciclalos, ao cambio climático, a preservación da paisaxe herdada, etc. Así, o deseño da ordenación do plan non se condicionou a ningunha destas referencias e o seu consumo de territorio e capacidade de acollida residencial non se contrastaron cos actuais criterios de sustentabilidade.

Por todo o que se dixo anteriormente e resumindo, faise patente a necesidade de revisar o plan xeral, sobre todo polos seguintes tipos de motivos:

- Adopción dos criterios das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT), do Plan de Ordenación do Litoral (POL) e das Directrices de Paisaxe de Galicia, como principais instrumentos de ordenación do territorio que inciden no municipio.
- A nova sensibilidade social con relación ao proceso de urbanización e de crecemento.
- A aparición dun marco legal, practicamente renovado na totalidade, un conxunto de novas leis estatais, autonómicas e plans supramunicipais, de gran incidencia na ordenación do territorio municipal. pon de manifesto a inadaptación do documento vixente, creando inseguridade xurídica.
- A aparición da lexislación de avaliación ambiental, primeiro, a Lei 2/2006, derogada e substituída pola Lei 21/2013, e o sometemento a este trámite, garantirá que as determinacións do plan non xeren impactos ambientais inasumibles.
- Instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no concello de Narón: 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia cara á Neutralidade carbónica 2021-2040, Rede viaria de Ferrol, Fene, Narón, Neda, Ares, Mugar dos e Cabanas e a súa modificación, Plan Sectorial de Ordenación de Áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, Parque Eólico e Actuación industrial Río do Pozo- Sector aconsellan un novo plan que recolla todas as determinacións vinculantes de estas figuras de rango superior.
- Establecer un novo modelo para os núcleos rurais adaptado ao modelo de asentamento poboacional do Plan Básico Autonómico
- Procurar a compactación do solo urbano existente, que na actualidade presenta grandes bolsas de solo sen edificar.

- A conveniencia de corrixir certas determinacións normativas do PXOM'02 á vista dos problemas xerados e a experiencia acumulada na súa aplicación.

Estes argumentos determinan non só a necesidade da revisión senón a conveniencia da mesma, vista a problemática exposta.

O PXOM de Narón vixente, aprobouse definitivamente o 22 de abril de 2002. Por tanto este plan xeral non está adaptado á Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e tampouco á Lei 9/2002, do 30 de Decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

A revisión do PXOM'02 xustifícase así pola necesidade da súa adaptación á LSG, en aplicación da Disposición Transitoria segunda desta Lei, que establece que os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á data da entrada en vigor da devandita lei haberán de adaptarse plenamente a ela.

Por tanto, dado que pasaron 21 anos desde a implantación do plan xeral vixente, faise necesario a elaboración dun novo plan xeral a un marco legislativo moi evolucionado tanto nos temas urbanísticos como os ambientais así como a lexislación sectorial incidente e ás diferentes figuras de ordenación territorial, mellorar o proceso de xestión urbanística e integrar o plan de desenvolvemento aprobado definitivamente, procurando unha ordenación coherente coa nova realidade socioeconómica, xurídica, urbanística e de infraestruturas do municipio e da súa contorna.

Nestes 21 anos de vixencia do plan xeral producíronse os maiores cataclismos experimentados na historia recente na economía, no sector da construción e inmobiliario, nas infraestruturas, no clima, na eclosión da internet, tanto por arriba como por abaixo, pasando da maior explosión económica á caída máis brutal; a ordenación do territorio, e a súa figura máis palpable, o PXOM, non poden permanecer alleos a todos estes acontecementos.

Unha das principais características do vixente PXOM de Narón é a clasificación de gran parte do territorio, concretamente de todo o solo rústico non protexido de maneira específica, como solo rústico apto para urbanizar (SRAU), como primeira derivada da aplicación directa do, por entón vixente, texto refundido da lei de solo estatal, RDL 2/2008, do 20 de xuño. Esta clasificación de solo supón, na práctica, a consideración de todo o solo rústico non especificamente protexido como edificable, coa tramitación dun plan de sectorización.

Evidentemente trátase dun criterio de ordenación do territorio absolutamente contradictorio coas novas tendencias, que soamente por si xa fai conveniente unha revisión do plan xeral.

Por outra banda, no que se refire ao solo urbano, hai que indicar que os criterios de delimitación do solo non consolidado adoptados na redacción do PXOM'02 non obedecen en maneira algunha aos actuais e, mais concretamente, ao grao real de consolidación polos servizos urbanísticos das diferentes áreas, de tal forma que se viñeron producindo serias disfuncionalidades e graves problemáticas á hora de materializar o desenvolvemento do solo urbano.

O presente documento do plan xeral para a súa aprobación inicial polo Pleno Municipal de Narón, elaborado pola entidade ARQYUR SC, preséntase unha vez revisados os diferentes traballos que se foron realizados estes anos pola empresa DOLMEN, tendo en conta o resultado das consultas realizadas durante a información pública no trámite da avaliación ambiental estratéxica, os informes sectoriais recibidos , así como o informe técnico- xurídico emitido polos servizos municipais, e as indicacións do Goberno Municipal.

03. EXAME E ANÁLISE PONDERADO DAS DIFERENTES ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS.

Conforme ao establecido na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental (Lei 21/2013) na elaboración do Estudo Ambiental Estratéxico (EAE), documento que se integra no plan xeral, definiranse alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables, que teñen en consideración os obxectivos e o ámbito territorial de aplicación do Plan e entre as que se inclúe a alternativa 0 de inactividade.

Conforme ao anterior valóranse as seguintes alternativas: unha **alternativa 0** que contempla a non realización do **plan**, a **alternativa 2** baseada na proposta contida no Borrador elaborado por DOLMEN sometido a información pública e a **alternativa 1** que é a proposta do presente documento.

A análise destas alternativas recóllese no EAE na carpeta de avaliación ambiental estratéxica (AAE)..

04. DEFINIÇÃO DE OBECTIVOS DO PLAN

-

04.1 OBECTIVOS

No momento en que este PXOM alcance a aprobación definitiva, substituirá o vixente PXOM'02, que se redactou nun momento onde non se tiñan en conta aspectos como: os límites de crecemento, a capacidade de acollida real do territorio polos usos que se implantan, o consumo de recursos (renovables ou non), a xeración de residuos e a capacidade de reciclalos, ao cambio climático, a preservación da paisaxe herdada, etc.

O obxectivo do presente PXOM é que conteña unha ordenación coherente coa realidade territorial e axustado ao novo marco legal territorial e urbanístico, baseado no principio de utilización racional dos recursos e o desenvolvemento sostible do territorio, contribuíndo a reforzar a estrutura social e económica e respectando os valores inherentes do territorio, pero asumindo que a realidade de Narón é irreversible en certos aspectos que teñen incidencia directa e negativa sobre o territorio, o que nos conduce a un planeamento que, forzosamente, debe asumir algunhas consecuencias de anteriores documentos.

O PXOM de Narón formula os seguintes obxectivos que terían incidencia directa na ordenación do seu territorio:

En relación ao sistema de asentamento residencial

É obxectivo do plan xeral procurar a mellora e posta en valor da trama urbana de Narón:

- Partindo da actual delimitación do solo urbano de Narón, que fixa, necesaria e invariablemente, a pegada urbana, trátase de completar esta trama urbana, que presenta gran cantidade de baleiros, empregando o desenvolvemento destas bolsas para completar viarios inacabados, conseguir novos solos para implantar novas dotacións necesarias tendo en conta entre outros aspectos o análise da perspectiva de xénero e fomentando a compactidade e colmatación garantindo un modelo de desenvolvemento sostible e potenciando as operacións de reforma interior.
- Buscando unha relación harmónica entre o espazo público e o espazo construído.
- Mellorando a paisaxe e o confort urbano para os seus habitantes e visitantes.
- Creando máis dotacións públicas, zonas verdes e espazos libres tendo en conta as necesidades identificadas na fase de información e de análise de perspectiva de xénero, buscando a xeración de corredores que enlacen a trama urbana co medio natural circundante, especialmente cos sistemas xerais previstos no bordo costeiro e conexión coas principais dotacións.

- Permitindo a convivencia de usos e actividades compatibles.
- Promocionando vivenda social e protexida.
- Mellorando a relación do bordo ou contorna urbana coas áreas naturais.
- Mellorando a estrutura viaria, os seus accesos, así como coa previsión de maiores dotacións de prazas de aparcadoiros públicos estratexicamente situados.
- Crear as estruturas urbanas necesarias para relacionar e integrar os barrios de Narón mellorando os servizos e dotacións, mellorando a comunicación non motorizada e promovendo maior cohesión social.

En relación ás áreas de actividade empresarial

- Mellorar e potenciar as zonas industriais- empresariais dos polígonos de Río do Pozo e As Lagoas consolidando un mallado urbano de calidade e creando novas áreas para o desenvolvemento da actividade industrial- terciaria. Corrixir aspectos normativos dos plans de desenvolvemento destas áreas nas que se teñen detectado problemas ao longo destes anos de aplicación. Estes polígonos están chamados a conformar unha área económica de ámbito comarcal xunto co Parque empresarial de Leixa e a Plataforma loxística de Ferrol.
- Atender ás novas oportunidades para o desenvolvemento de actividade terciarias nas áreas de influencia das AP-9 e FE-12, espazos de gran accesibilidade e visibilidade e unha vocación tamén de alcance supramunicipal.

En relación ás dotacións e infraestruturas

- Reforzar e mellorar a estrutura de comunicación viaria:
 - Propoñer melloras técnicas puntuais (rectificacións de trazado, interseccións, etc.), ou de aumento de sección transversal en certos elementos da estrutura viaria principal.
 - Asumir as determinacións do Plan Sectorial da rede viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas (e modificación).
 - Integrar as determinacións do PMUS aprobado como son:
 - A creación dunha rede de mobilidade de prioridade peonil que garanta os desprazamentos entre asentamentos e lugares de concorrencia en condicións de seguridade baixo criterios de sustentabilidade ambiental e das necesidades indicadas na análise de perspectiva de xénero.
 - O fomento do transporte público e outras formas de mobilidade non motorizadas, como a bicicleta, mediante a proposta de aparcamentos disuasorios ou de intercambio e infraestruturas de apoio á bicicleta.
 - A previsión de implantación dun carril bici ao longo da estrada de Castela.

- Tomar conciencia da importancia de integrar os terreos do porto de Ferrol e da industria siderúrxica Megasa na configuración da paisaxe urbana de Xuvia.
Considerando que a ordenación detalla do sistema xeral portuario deberá tramitarse a través do plan especial do porto (a formular pola autoridade portuaria e a aprobar polo Concello), si cabe reflexionar no PXOM , sobre a relación física e urbanística (construtiva e de usos) entre o porto e a cidade e a repercusión que a actividade portuaria ten na función urbana como entidade complementaria.
O Sistema Xeral Portuario e o plan especial que o ordene debe posibilitar non só a integración axeitada entre a zona portuaria e o núcleo urbano de Xuvia senón que tamén debe apostar polo desenvolvemento prioritario e principal das actividades e usos con respecto aos principios de integración ambiental e urbana, evitando o apantallamento das edificacións, a rotura do campo visual da fachada marítima e a conxestión do viario de acceso ao porto.
- Reforzar e mellorar as infraestruturas de servizos de cara a unha mellor prestación á poboación, sen que interfiran ou danen os elementos do medio natural, a saúde pública, etc., e desempeñen a súa función baixo criterios de racionalidade e eficiencia.
- Reforzar e mellorar o sistema de equipamentos públicos de carácter estruturante, garantindo a accesibilidade e adecuándose ás necesidades futuras, habilitando solo para novos equipamentos asistenciais, educativos ou deportivos.
- Dotar a Narón dun sistema de espazos libres de calidade ao servizo da poboación,
 - Aproveitando o enorme potencial ambiental do Concello coa finalidade de crear novos espazos de esparexemento que permitan o acercamento da poboación de Narón e dos visitantes ao medio natural.
 - Procurando a axeitada integración entre o medio urbano e o medio natural e en especial do litoral, tratando de acadar corredores que aproximen estes espazos á maior parte da poboación. Sempre dende unha perspectiva proteccionista naqueles ámbitos de alto valor ambiental e/ou paisaxístico.
 - Creando espazos libres que faciliten a comunicación a pé ou en bicicleta entre diferentes zonas do Concello e o núcleo de Narón.

En relación aos valores ambientais e os recursos naturais

Narón conta cun conxunto de elementos e sistemas ambientais merecentes de protección e posta en valor. En base o anterior o plan xeral formula os seguintes obxectivos:

- Protexer os valores naturais do territorio coa finalidade de preservar os hábitats máis salientables como son a franxa litoral, os corredores ecolóxicos, os humidaís, e os bosques e áreas forestais protexidas do Concello.

- Protexer a paisaxe, en especial, a paisaxe litoral que constitúe un recurso que se pretende salvagardar, buscando o equilibrio entre o desenvolvemento urbanístico ordenado e os criterios de protección, tomando como referencia os principios expostos no POL, en especial as súas áreas de protección.
- Potenciar a imaxe exterior que se ten tanto desde a ría como desde terra, prestando especial atención á mellora da calidade da fachada marítima, evitando as transformacións bruscas da súa natureza, dirixindo cara á costa os espazos libres para procurar un uso e gozo do bordo litoral que garanta os seus valores naturais e paisaxísticos e dando prioridade a permeabilidade visual e funcional.
- Procurar o 'esponjamiento' do bordo marítimo como lugar de contacto coa ría como lugar de encontro e cohesión social.
- Mellorar e conservar os elementos naturais que identifican a fachada marítima, establecendo as accións necesarias para a súa posta en valor (praias, accesos, aparcadoiros, etc.).
- Buscar un modelo compacto de desenvolvemento urbano, evitando a dispersión de zonas urbanizables no territorio, que deberán localizarse lindeiros co actual solo urbano do concello. Os novos usos residenciais fórmulanse no interior da pegada urbana existente.
- Preferencia polos desenvolvementos urbanísticos cara ao interior, preservando o bordo litoral.
- O patrimonio histórico e cultural de Narón precisa dun axeitado tratamento no PXOM co obxectivo de impedir a súa desaparición a estes efectos fórmulanse os seguintes obxectivos:
 - Realizar unha sondaxe intensiva dos elementos existentes no territorio de tipo arquitectónico, etnográfico, arqueolóxico, etc., co obxecto de elaborar un inventario mais exhaustivo que o actual realizando un Catálogo de elementos co grao de protección que corresponda segundo a vixente lexislación de patrimonio cultural.
 - Promover, no seu caso, as medidas oportunas para a súa posta en valor cando estes sexan susceptibles de ser gozados pola cidadanía.

05. SOLUCIÓNS XERAIS DE ORDENACIÓN. A CLASIFICACIÓN DO SOLO

05.1 CRITERIOS DE CLASIFICACIÓN

O PXOM en redacción adáptase á nova lexislación urbanística que determina a necesidade de clasificar o solo do Municipio nalgunha das catro categorías nela establecidas: solo urbano, solo de núcleo rural, solo rústico e solo urbanizable.

Neste senso, pártese da actual clasificación do solo do PXOM'02, que se manterá en función da súa adecuación ao novo marco legal, tanto autonómico como estatal así como ás estratexias e directrices relacionadas co desenvolvemento sostible e adaptación aos obxectivos fixados para este plan xeral.

05.2 SOLO URBANO

Para determinar cales son os terreos que se poden clasificar como solo urbano tivéronse en conta as condicións e regras establecidas na lexislación urbanística (art 16 da LSG) partindo da realidade actual de Narón.

Tal como se describiu no apartado 03.5.2. da memoria informativa, existen dous núcleos urbanos no termo municipal de Narón. Por unha banda o núcleo urbano cabeceira municipal situado ao fondo da Ría de Ferrol, e por outra o solo urbano industrial de Río do Pozo resultado de desenvolvementos urbanísticos.

05.2.1. NÚCLEO URBANO DE NARÓN

O núcleo urbano de Narón delimitado no vixente PXOM'02 toma como base a delimitación do PXOM do ano 1985, describindo no apartado 5.1. da súa memoria xustificativa que *“A clasificación do solo contempla así, a zona máis densa de Narón como solo urbano que aglutina as relacións de dependencia do territorio exterior, recollendo límites xa establecidos no planeamento anterior, diferenciando os desenvolvementos de exteriores de baixa densidade”*.

Deste xeito a delimitación do solo urbano que se establece no presente plan xeral amosa unha pegada definida dende o ano 1985 na que o vixente PXOM delimita ámbitos pendentes de desenvolvemento- POLÍGONOS (descritos no apartado 03.11 da memoria informativa *“Análise do planeamento e o seu grao de desenvolvemento”*).

A delimitación do solo urbano da Vila de Narón coincide sensiblemente coa prevista no PXOM cos seguintes axustes:

- Axústase a delimitación do solo urbano ao límite actual co veciño concello de Ferrol.
- O barrio de O Couto clasifícase como solo de núcleo rural no PXOM vixente. A realidade desta zona é que constitúe un continuo en baixa densidade co solo clasificado como urbano, agás os asentamentos de A Picota e Lodairo situados ao leste e norte respectivamente nos que aínda existen trazas tradicionais e non contan con todos os servizos para ser considerados como solo urbano e polo tanto delimitáanse como núcleos rurais.
- Ao nordeste do barrio de A Gándara e sur da FE-11 existe unha bolsa de terreo que non reúne as condicións necesarias para ser clasificada como solo urbano, polo tanto clasifícase como solo rústico, propondo a consecución dos parte deste terreos como sistema xeral.
- Axustase a delimitación do solo urbano na zona de contacto coa autoestrada AP-9, incorpórase ao solo urbano o Parque do río Freixeiro dado que a realidade é que o solo urbano constitúe un continuo baixo o trazado da AP-9 que discorre elevada nun viaduto nese tramo.
- Delimítase un solo urbanizable da carácter terciario entre a AP-9 e a FE-12.
- No extremo norte do barrio de As Lagoas clasifícanse como solo urbano os terreos próximos á CP5401, que presentan as mesmas características que o CPI do Feal, xa clasificado como solo urbano no planeamento vixente.
- Entre a estrada de Castela e a vía de ferrocarril situada ao norte adáptase o fondo do solo urbano ao parcelario real e nos viais con cobertura de servizos dado que desaparece o trazado viario paralelo á estrada previsto no planeamento vixente.
- Delimítase o solo urbano pola liña de dominio público marítimo terrestre na zona da industria siderúrxica de MEGASA. Delimitando un sistema xeral SX POR-MEGASA sobre a totalidade dos terreos.
- Incorpórase ao solo urbano consolidado (como área de planeamento incorporado) o sector de solo urbanizable R-1 desenvolvido, xestionado e urbanizado, clasificando como solo urbano os terreos limítrofes que contan con todos os servizos que están clasificados no planeamento vixente como solo de núcleo rural.
- Por último o asentamento de A Pena Parda, situado ao longo da estrada DP-5404 ao norte de Xuvia clasifícase como solo de núcleo rural.

Con todos estes axustes a delimitación de solo urbano do núcleo de Narón acada unha superficie de 5.198.008m² (19,80Has).

Superposición delimitación s. urbano PXOM 2002 (amarelo) – PXOM en tramitación (vermello)



O presente PXOM recoñece a pegada urbana existente segundo o indicado no apartado precedente, e seguindo os criterios do artigo 17 da LSG no que se definen as categorías de solo urbano define e delimita unha serie de ámbitos de solo urbano non consolidado (SUNC), distinguindo entre aqueles nos que son precisos procesos de urbanización e os que deberán ser obxecto de reforma interior ou renovación urbana.

Para a identificación e codificación dos ámbitos de solo urbano non consolidado referéncianse aos distintos barrios do núcleo urbano de Narón. Achégase a continuación a táboa de ámbitos de solo urbano non consolidado por barrios coa súa codificación, uso, superficie e tipo:

BARRIO	CÓDIGO	USO	SUP. (m²)	TIPO
ALTO CASTIÑEIRO	AC-01	RES	20.026	RIRU
	AC-02	RES	9.627	RIRU
	AC-04	RES	29.327	URBA
	AC-06	RES	15.175	RIRU
	AC-07	RES	6.906	RIRU
	AC-08	RES	8.975	RIRU
	AC-09	RES	7.747	RIRU
	AC-10	RES	10.442	RIRU
	AC-11	RES	7.091	RIRU
	AC-12	RES	24.678	RIRU
	AC-13	RES	6.911	RIRU
	DO AC-14	RES	15.971	RIRU
	AC-15	RES	17.961	RIRU
	AC-16	RES	8.910	RIRU
	AC-17	RES	25.978	URBA
	AC-18	RES	3.248	RIRU
	AC-19	RES	3.666	RIRU
	AC-20	RES	3.550	RIRU
	AC-21	RES	3.781	RIRU
	AC-22	RES	4.831	RIRU
	AC-23	RES	50.542	URBA
	AC-24	RES	4.095	RIRU
	API-01-RES	RES	11.035	API
	API-02-RES	RES	8.484	API
FREIXEIRO	F-01	RES	10.166	RIRU
	F-02	RES	9.307	RIRU
	F-03	RES	3.316	RIRU
	F-04	RES	10.445	RIRU
	F-05	RES	2.717	RIRU
	F-06	RES	11.376	RIRU
	F-07	RES	10.124	RIRU
	F-08	RES	3.458	RIRU

BARRIO	CÓDIGO	USO	SUP. (m²)	TIPO
	F-09	RES	6.962	RIRU
	F-10	RES	6.979	RIRU
	F-11	RES	15.498	URBA
	F-12	RES	60.410	URBA
	F-13	RES	45.311	URBA
	F-14	RES	10.501	RIRU
A GÁNDARA	G-01	RES	2.049	RIRU
	G-02	RES	2.359	RIRU
	G-03	RES	2.226	RIRU
	G-04	RES	2.420	RIRU
	G-05	RES	7.682	RIRU
	G-07	RES	4.729	RIRU
	G-08	RES	12.907	RIRU
	G-09A	RES	4.605	RIRU
	G-09B	RES	1.836	RIRU
	G-10	RES	8.576	RIRU
	G-11	RES	10.233	RIRU
	G-12	RES	1.080	RIRU
	G-13	RES	1.277	RIRU
AS LAGOAS	L-01	IND	23.180	URBA
	L-02	IND	54.072	URBA
	L-03	IND	32.676	URBA
	L-04	RES	56.663	URBA
	API-04-RES	RES	4.855	API
O COUTO	OC-01	RES	15.700	RIRU
	OC -02	RES	26.426	URBA
	OC -03	RES	10.923	RIRU
	OC -04	RES	32.683	RIRU
PIÑEIRO	P-01	RES	13.146	RIRU
	P-02	RES	7.618	RIRU
	P-03	RES	3.054	RIRU
	P-04	RES	14.177	RIRU

BARRIO	CÓDIGO	USO	SUP. (m²)	TIPO
	P-05	RES	13.045	RIRU
	P-06	RES	7.260	RIRU
	P-07	RES	12.101	RIRU
	P-08	RES	11.449	RIRU
	P-09	RES	24.362	URBA
	P-10	RES	9.540	RIRU
	P-11	RES	14.628	URBA
	API-03-RES	RES	8.587	API
SOLAINA	S-01	RES	3.661	RIRU
	S-02	RES	11.916	RIRU
	S-03	RES	2.627	RIRU
	S-04	RES	4.413	RIRU
	API-05-RES	RES	12.550	API
	API-06-RES	RES	14.069	API
XUVIA	X-01	RES	12.073	RIRU
	X-02	RES	25.223	RIRU
	X-03	RES	8.968	RIRU
	X-04	RES	4.559	RIRU
	X-05	RES	13.660	RIRU
	X-06	RES	12.219	RIRU
	X-07	RES	2.612	RIRU

A superficie total dos 85 ámbitos de solo urbano non consolidado que se delimitan no presente plan xeral ascende a un total de 1.102.038m². Destes ámbitos 6 contan cun instrumento de desenvolvemento aprobado definitivamente polo que se incorporan como Areas de Planeamento Incorporado (API) e os 79 ámbitos restantes remítese a súa ordenación á redacción dun Plan Especial de Reforma Interior (Area de Planeamento Remitido APR).

Na normativa urbanística achéganse as fichas individualizadas de cada un dos ámbitos de SUNC, remitindo á ordenación ao instrumento aprobado nas APIs e establecendo as determinacións para o seu desenvolvemento nos ámbitos no que se remite a ordenación a un PERI.

Estas determinacións proveñen dunha análise pormenorizada da realidade do núcleo urbano de Narón establecendo como vinculantes as aperturas viarias de carácter estruturante, así como a consecución de solo dotacional (equipamentos ou zonas verdes) segundo as necesidades de proximidade detectadas no estudo de impacto de xénero.

Os 4.095.097m² restantes de solo urbano no núcleo de Narón correspóndense co solo urbano consolidado (SUC) debido a que se axustan ao disposto no artigo 17.a) da LSG, contando con acceso rodado público e cos servizos básicos necesarios, previndo en casos puntuais do núcleo urbano actuacións illadas, de iniciativa municipal, para a obtención do solo para rematar a urbanización. Non se está a considerar ámbitos consolidados pola edificación (art 16.1.b) da LSG).

A ordenación pormenorizada do SUC proposta no presente PXOM é continuísta coa do planeamento vixente, cualificando os terreos segundo 11 ordenanzas zonais no solo urbano:

- Ordenanza 1: RESIDENCIAL INTENSIVA.
- Ordenanza 2: RESIDENCIAL EN BLOQUE ABERTO.
- Ordenanza 3: RESIDENCIAL FAMILIAR.
- Ordenanza 4: FINCAS SINGULARES EN SOLO URBANO.
- Ordenanza 5: MANTEMENTO DAS CONDICIÓNS DE ORDENACIÓN.
- Ordenanza 6: TERCIARIO.
- Ordenanza 7: INDUSTRIAL. Graos A, B, C, D, E, F e G.
- Ordenanza 8: EQUIPAMENTOS.
- Ordenanza 9 ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES.
- Ordenanza 10: INFRAESTRUTURAS DE SERVIZOS.
- Ordenanza 11: INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS.

Ordenanza 1: Residencial Intensiva.

A ordenanza residencial intensiva constitúea a parte do solo urbano que presenta un grao de consolidación máis elevado. A ordenación proposta mantén no solo urbano consolidando o modelo do plan vixente, que establecía unha zona residencial intensiva na zona lindeira á Ferrol, nos barrios da Gándara, A Solaina e estendida lonxitudinalmente segundo os eixos da estrada de Castela e a estrada a Valdoviño.

Os criterios tomados para as aliñacións foron os de tratar de regularizar os anchos das rúas, manténdose en xeral aquelas liñas de fachada que están consolidadas ampliando e regularizando a rúa cara a outra marxe.

Ordenanza 2: Residencial en Bloque Aberto.

Correspóndese coas áreas que presentan unha morfoloxía de bloque exento en altura para uso residencial colectivo con espazos axardinados entre a edificación e vías interiores. Esta ordenación aplícase aos solos urbanos consolidados que o vixente plan xeral xa propoñía e que ata o momento non se desenvolveron. Ademais tamén se propón como posible ordenanza nos solos urbanos non consolidados de vivenda colectiva.

Ordenanza 3: Residencial familiar.

Comprende as zonas onde a ordenación desenvólvese mediante vivendas familiares exentas, acaroadas ou en ringleira. A delimitación desta ordenanza adáptase á estrutura xa consolidada mediante esa forma de ocupación, establecendo a súa ordenación conforme a mellora do seu trazado e buscando a continuidade do viario segundo as novas aperturas propostas.

Ordenanza 4: Fincas singulares en solo urbano.

Esta ordenanza é de nova creación con respecto ao planeamento vixente e busca a conservación de fundacións, quintas e en xeral edificacións señoriais situadas nos perímetros de solo urbano que son singulares como pezas unitarias de interese arquitectónico, histórico, cultural ou simplemente ambiental pola súa construción ou pola existencia de xardinería ou arboredo de notable desenvolvemento.

Ordenanza 5: Mantemento das condicións de ordenación.

Comprende as zonas consolidadas que presentan unhas condicións de implantación e aproveitamento xenuíno ou singulares sobre as que o plan sinxelamente recoñece e mantén.

Ordenanza 6: Terciario.

Esta ordenanza é de nova creación con respecto ao planeamento vixente e resulta de aplicación en todas as zonas urbanas dedicadas fundamentalmente a actividades terciarias (oficinas, comerciais e hostalería). Dentro de este solo clasifícanse áreas comerciais como o centro comercial Odeón, medianas superficies comerciais, gasolinerías...

Ordenanza 7: Industrial

Nesta ordenanza inclúense todos os polígonos industriais do concello e aquelas instalacións de certa entidade que se atopan situadas fóra dos polígonos. Dentro desta ordenanza distínguense 7 graos.

Ordenanzas 8, 9, 10, 11: Dotacións

As ordenanzas de Equipamentos, espazos libres e zonas verdes, infraestruturas de servizos e de comunicacións, cualifican os terreos que actualmente cumpren esas funcións e en ocasións propoñen novas dotacións en terreos de titularidade pública.

Sen alterar os terreos destinados a infraestruturas de comunicación un dos aspectos a destacar previstos no PXOM derivado do estudo de mobilidade, é a implantación dun carril bici ao longo da estrada de Castela. O PXOM implementa nos ámbitos de solo urbano non consolidado próximo a estrada o aparcadoiro necesario para paliar o déficit de prazas que esta actuación poida ocasionar. Sendo o aparcadoiro en superficie un uso permitido nas ordenanzas de solo urbano consolidado.

Por último realizar a comparativa cos polígonos de xestión previstos no PXOM vixente, que na maior parte dos casos categorízanse como ámbitos de solo urbano non consolidado, agás aqueles que xa foron desenvolvidos completamente e que se categorizan como solo urbano consolidado, incorporados como API nalgúns casos e a unha ordenanza. Noutros.

Nalgún caso unha zona periférica categorízanse en parte como solo urbano consolidado (recoñecendo as tipoloxías e usos existentes e cumprindo as condicións establecidas para este) e as zonas posteriores clasifícanse como solo rústico. Por outra banda un polígono desclasifícase de solo urbano pasando a solo rústico definindo un sistema xeral que é adscrito a un área de repartición.

Achegase a continuación unha táboa coa correlación dos polígonos que non se corresponden cos terreos incluídos na categoría de SUNC do PXOM vixente:


POLÍGONO DE XESTIÓN (PXOM 2002)	CLASIFICACIÓN E CATEGORIZACIÓN (PRESENTE PXOM)
P.P.4	SUC- ORD
P.P.7	S.R.- SX ADSCRITO
P.P..9	SUC-ORD
P.P.12	SUC-API
P.P.27	SUC-API
P.P.30	SUC
P.P.31	SUC-ORD/ SR
P.0C.01	SUC-ORD/SR
P.SI.3	SUC-ORD
P.SI.4	
P.SI.6	SUC-ORD
P.SI.7	
P.SI.8	
P.G.4	SUC- ORD/ SR
P.G.5	

Pola contra os ámbitos de solo rústico apto para urbanizar establecidos na *modificación puntual do PXOM para urbanizar o contorno do polígono industrial de Río do Pozo* clasifícanse como solo urbanizable delimitado.

O ámbito I desta modificación, situada ao norte do polígono conta con plan de sectorización aprobado definitivamente o 31/01/2013, polo que se incorpora como un área de Planeamento Incorporado (API-), estando o primeiro dos polígonos do seu plan de etapas con proxecto de urbanización e de equidistribución aprobados definitivamente.

A totalidade solo urbano de Río do Pozo responde á categoría de consolidado, sendo de aplicación a ordenanza 7: Industrial no seu grao D, así como as ordenanzas dotacionais.

Delimitación s. urbano río do Pozo.



05.3 SOLO URBANIZABLE

De acordo co artigo 27 da LSG, constituirán o solo urbanizable os terreos que o planeamento considere necesarios e axeitados para permitir o crecemento da poboación e da actividade económica ou para completar a súa estrutura urbanística.

O presente PXOM non delimita solo urbanizable de uso residencial, dado que un dos seus principais obxectivos é a compactación da pegada urbana do núcleo de Narón que presenta baleiros no seu interior, polo que potenciase a colmatación destes espazos fronte o desenvolvemento de novos solos urbanizables residenciais.

Trátase dun Plan, polo tanto, que en materia de vivenda opta pola rexeneración e o aproveitamento de solos xa transformados, e aposta pola compactidade e o cosido e estruturación do existente

Si que se clasifica solo urbanizable para a implantación de actividades económicas, sempre en continuidade con solos urbanos industriais existentes na actualidade, agás o SUB-08 que está recollido no Plan Sectorial de Ordenación das Áreas Empresariais de Galicia (PSOAE) .

Deste xeito incorpóranse oito sectores de solo urbanizable delimitado, tres deles de uso global terciario, un dotacional público e catro destinados a usos industriais, baseándose para a súa delimitación na consecución dalgúns dos obxectivos marcados polo Plan e que terían relación cos seguintes asuntos:

- A mellora do borde urbano de Narón en zonas ou áreas periféricas en contacto co solo rústico.
- A incorporación de solo destinado a usos estratéxicos consonte as dinámicas metropolitanas ou da Rexión Urbana A Coruña – Ferrol en materia de usos produtivos, sexan industriais ou terciarios.
- Obtención de solo para implantación de dotacións a carón do solo urbano.

Con estes criterios o PXOM delimita oito sectores de solo urbanizable, tratándose en moitos dos casos de desenvolvementos previstos no planeamento vixente nos que se modifica o uso global , como é o caso do R-2 que se pasa de uso global residencia a terciario (SUB-02.TER).

De igual modo recondúcese a terciario o solo urbanizable non delimitado residencial/terciario que clasificaba a Modificación puntual do PXOM no solo rústico apto para urbanizar do contorno do polígono industrial do Río Pozo (SUB-04.TER), e mantéñense como produtivos de

carácter industrial o resto de solos urbanizables clasificados por esta Modificación (SUB-05.IND, SUB-06.IND e SUB-07.IND).

Tamén o SRAU situado ao suroeste de Freixeiro, recualifícase para uso terciario (SUB-01.TER) amparándose na súa localización estratéxica xunto á confluencia de dúas vías de altas prestacións como son a AP-9F e a FE-12 e xunto á estrada Castela e a AC-566. E o SRAU situado ao leste de As Lagoas delimitase mantendo o uso industrial limítrofe a fin de rematar o solo industrial cara o solo rústico (SUB-05.TER).

Á vista do exposto nos parágrafos anteriores dedúcese que o principal criterio para clasificar solo urbanizable é o de manter os solos con tal consideración no planeamento vixente, modificando o seu uso para actividades produtivas.

Por último delimitase un solo urbanizable terciario para a implantación de dotacións de carácter público a carón do solo urbano de Narón. (SUB-03. DOT)

Incorpórase ao PXOM a área empresarial recollida no PSOAEG (SUD-08.IND), aínda que o Concello non a considera prioritaria debido a non estar en continuidade con ámbitos industriais existentes, e a súas peores comunicacións, sendo a implantación de redes de servizos nesta zona complicada pola súa orografía e atoparse desligada da trama urbana.

CLASIFICACIÓN	CÓDIGO	USO	SUP. (m ²)
SOLO URBANIZABLE DELIMITADO	SUB-01	TER	38.675
	SUB-02	TER	133.336
	SUB-03	DOT	46.731
	SUB-04	TER	164.880
	SUB-05	IND	58.361
	SUB-06	IND	234.409
	SUB-07	IND	556.274
	SUB-08	IND	723.280

A superficie total clasificada como solo urbanizable ascende a 1.955.947m².

A ordenación detallada de todos os sectores está remitida á redacción do pertinente instrumento de desenvolvemento agás o SUB-07.IND, que incorpora o planeamento do Plan de Sectorización xa aprobado (API-08-IND).

As fichas coas determinacións para cada un dos sectores atópanse no anexo á Normativa Urbanística.

SECTORES DE USO TERCIARIO

Unha vez analizada a actividade económica no concello de Narón obsérvase que o sector servizos segue gañando peso ao longo dos anos. A situación de Narón, lindeiro á cabeceira da comarca de Ferrolterra, e o aumento da súa poboación nos últimos anos fai que Narón se atope nun lugar privilexiado para a implantación de novas actividades terciarias. As actividades terciarias demandadas e que precisan de importante superficie de solo son as relacionadas co comercio de gran superficie así como actividades dotacionais de titularidade privada para usos de ensino, asistencia social, sanitaria, ocio e deporte, etc.

Para favorecer o desenvolvemento destes ámbitos compatibles co uso residencial delimitáronse tres ámbitos situados en continuidade co solo urbano de Narón lindeiros co concello de Ferrol xa que a súa proximidade é un dos aspectos máis atractivos para un posible desenvolvemento dado que os habitantes de Ferrol son tamén potenciais usuarios destas actividades terciarias, tal como xa ocorre na actualidade co centro comercial Odeón.

A localización dos tres ámbitos ademais contan con moi boa accesibilidade.

SUB-01.TER

Este sector de solo urbanizable atópase no límite suroeste do barrio de Freixeiro, lindeiro coas vías de altas prestacións FE-12 e AC-862 e moi próximo ao enlace coa AP-9. Trátase duns terreos nos que existiu unha actividade industrial actualmente abandonada

É un ámbito que dado o seu tamaño, localización e conectividade ten unhas expectativas altas para a implantación de usos terciarios coa previsión de remate do barrio de o Freixeiro cara as vías de alta capacidade que o bordean mellorando a imaxe actual e dotando de novos servizos. Remítese o seu desenvolvemento ao correspondente plan parcial e considérase que debería desenvolverse no primeiro cuadrinio.

Delimitación sector SUB-01. TER



SUB-02. TER

Este sector de solo urbanizable atópase non límite noroeste do barrio de Freixeiro. Como víamos, trátase dun sector residencial proveniente do PXOM'02 que non chegou a desenvolverse. Dado que se trata duns terreos que non teñen valores ambientais, culturais ou paisaxísticos e que son uns terreos lindeiros ao solo urbano que permitirían o remate do barrio de Freixeiro cara o oeste, mantense a clasificación de urbanizable modificando o uso a terciario, xa que na zona existen usos deste tipo e conta con bos accesos viarios.

O desenvolvemento deste ámbito, ademais, favorecería a obtención de dotacións de espazos libres e equipamentos.

A súa ordenación detallada está remitida á formulación e aprobación dun plan parcial e na estratexia de actuación considérase que debería desenvolverse no segundo cuadrienio.

Delimitación sector SUB-02. TER




SUB-04.TER

Este sector atópase no límite oeste do barrio das Lagoas e localízase sobre terreos clasificados como solo urbanizable residencial /terciario na Modificación do PXOM'02,

Establécese no presente plan un uso global terciario máis acorde co seu emprazamento e demanda real. Debendo situarse respectando os usos residenciais e educativos lindeiros. Conta cun bo acceso desde a prolongación da FE-12 e sitúase próximo ao futuro Parque empresarial de San Pedro de Leixa en Ferrol.

Se ben a súa localización é estratéxica a futuro, o seu desenvolvemento enténdese menos urxente que o dos sectores anteriores, polo que se programa no cuarto cuatrienio. Remitindo a ordenación detallada á tramitación dun plan parcial.

Delimitación sector SUB-02. TER



SECTOR DE USO DOTACIONAL

SUB-03.DOT

Ao leste do barrio do Alto do Castiñeiro, a carón do novo centro de saúde delimitábase un solo urbanizable de carácter dotacional, cuxos obxectivos son a realización dunha apertura viaria dende a Avenida Souto Vizoso á estrada de Castela. Así como a obtención de terreos a integrar na malla urbana para a implantación de dúas dotacións públicas: Una residencia para a terceira idade e un centro de ensino secundario.

Delimitación sector SUB-03. DOT



SECTORES DE USO INDUSTRIAL

O concello de Narón atópase situado na área metropolitana de Ferrol e durante os últimos anos converteuse nun dos enclaves industriais máis importantes de Galicia cos seus tres polígonos industriais (Río do Pozo, A Gándara e As Lagoas) e cunhas condicións de orografía, boas infraestruturas de comunicación e proximidade ao porto exterior de Ferrol que fan que o

concello siga apostando pola creación de novos ámbitos industriais que xeren emprego no municipio.

O Plan vixente conta na actualidade con dous ámbitos de solo urbanizable industrial froito da modificación puntual do PXOM'02 aprobada en 2010. Actualmente só un deles, o ámbito 1, conta cun plan de sectorización aprobado.

Este plan de sectorización define tres polígonos, dous situados ao norte do polígono empresarial actual que son de maior tamaño e un terceiro, o polígono 1, situado ao sueste do ámbito que corresponde á factoría de Cementos Tudela Veguín. Este polígono, que supón aproximadamente o 12% do ámbito sectorizado xa foi desenvolvido estando a piques de iniciar as obras de urbanización, o que é un indicio de reactivación do sector tras a dura crise da pasada década.



Ningún dos solos urbanizables terciarios e industriais acada este índice como pode comprobarse na seguinte táboa:

CÓDIGO	USO	SUP. BRUTA (m ²)	EDIFICABILIDADE (m ² /m ²)	SUP. EDIFICABLE (m ²)
SUB-01	TER	38.675	0,7	27.072,5
SUB-02	TER	133.336	0,7	93.335,2
SUB-03	DOT	46.594	1	46594,0
SUB-04	TER	164.880	0,7	115.416,0
SUB-05	IND	58.361	0,6	35.016,6
SUB-06	IND	234.409	0,6	140.645,4
SUB-07	IND	555.078	0,3	166.523,4
SUB-08	IND	723.280	0,3	316.984,0

Tan só o SUB-03 acada o índice 1m²/m² estando destinado a dotacións públicas.

08. O SISTEMA DOTACIONAL

08.1 O SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS. CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES DE SISTEMA XERAL

08.1.1 S. X. ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES.

O sistema xeral de espazos libres e zonas verdes está formado por parques, xardíns, paseos peonís, prazas e áreas peonís de dominio e uso público ao servizo dunha parte importante da poboación do concello.

Na memoria informativa relaciónanse os espazos libres e zonas verdes existentes de sistema xeral que acadan unha superficie total de 472.367m²

Sistema xeral de espazos libres existentes

SISTEMAS XERAIS					
CÓD.	SUBTIPO	PARROQUIA	BARRIOS	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
AC01	PRA	NARÓN (CONTORNA URBANA)	ALTO DO CASTIÑEIRO	Praza de Galicia	9.428
AC02	XAR			Praza mestra Carmen Niebla	3.951
AC05	XAR			Xardíns	867
AC03	XAR			Xardíns	1.293
AC04	XAR			Parque Ciudad Europa	1.619
F01	PAR	NARÓN (CONTORNA URBANA)	FREIXEIRO	Parque Fluvial do Río Freixeiro	46.392
G05	XAR	NARÓN (CONTORNA URBANA)	A GÁNDARA	Parque do paseo marítimo A Gándara. Tramo norte	23.533
G04	PAR			Parque do paseo marítimo A Gándara. Tramo sur	41.087
G03	PAS			Paseo	2.824
G02	PRA			Praza Pintor Sotomaior / Vilalba	7.573
G01	PRA			Praza A Gándara	5.542
L01	XAR	NARÓN (CONTORNA URBANA)	AS LAGOAS	Xardíns	3.312
OC01	XAR	PERIURBANO	O COUTO (SOLO RÚSTICO)	Xardíns de O Couto	5.559
P05	XAR	NARÓN (CONTORNA URBANA)	SOLO RÚSTICO	Parque Fluvial do Río Freixeiro norte. MarxeEsquerda	15.728
P03	PAR			Parque Fluvial do Río Freixeiro norte. MarxeEsquerda	5.301
P02	XAR			Parque Fluvial do Río Freixeiro norte. MarxeEsquerda	5.382
P01	XAR			Parque Fluvial do Río Freixeiro norte. MarxeEsquerda	8.883
P04	PAS	NARÓN (CONTORNA URBANA)	PIÑEIRO	Parque Fluvial do Río Freixeiro norte. MarxeEsquerda	789
S01	PRA	NARÓN (CONTORNA URBANA)	A SOLAINA	Praza da Constitución	2.697
X02	PAR	NARÓN (CONTORNA URBANA)	XUVIA	Paseo marítimo Xuvia	97.260
X01	ARX			Praza do Concello	757

SISTEMAS XERAIS					
CÓD.	SUBTIPO	PARROQUIA	BARRIOS	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
PE01	XAR	PEDROSO	SOLO RÚSTICO	Área natural Muíño de Pedroso	16.132
R04	XAR	O VAL / CASTRO	RÍO DO POZO (URBANO))	Corredor verde Río do Pozo	7.500
R03	PAR			Corredor verde Río do Pozo	50.487
R02	XAR			Corredor verde Río do Pozo	66.827
R01	XAR			Corredor verde Río do Pozo	41.644
TOTAL SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES EXISTENTES					472.367m²
TOTAL ZONAS VERDES					461.814m² (97,77%)

A partir da análise desta información avalíase a cobertura e déficits de zonas verdes, deste xeito engádesse aos 472.367m² existentes unha superficie de 792.657m² segundo a seguinte táboa:

Sistema xeral de espazos libres previstos

SISTEMAS XERAIS					
CÓD.	SUBTIPO	UBICACION	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)	MÉTODO OBTENCIÓN
AC06	XAR	Alto do Castiñeiro (Urbano)	Praza	3.604	CESION INCL AC08
AC07	XAR	Alto do Castiñeiro (Urbano)	Parque Ciudad Europa	4.825	CESION INCL AC02
AC08	XAR	Alto do Castiñeiro (Urbano)	Zona verde	6.978	CESION INCL AC01
AC09	XAR	Alto do Castiñeiro (Urbano)	Corredor verde o Couto	12.021	CESION INCL AC04
AC10	XAR	Alto do Castiñeiro (Urbano)	Corredor verde o Couto	8.836	CESION INCL AC23
C01	PAR	Solo Rústico	Corredor fluvial Rego Sobecos	53.435	EXPROP
F02	PAR	Freixeiro (Urbano)	Parque fluvial do Río Freixeiro (Tramo sur)	1.634	EXPROP
F03	PAR	Freixeiro (Urbano)	Parque fluvial do Río Freixeiro (Tramo sur)	594	CESION INCL F01
F04	PAR	Solo Rústico	Corredor fluvial do Río de Santa Cecilia	104.466	EXPROP
F05	PAR	Solo Rústico	Corredor fluvial do Río de Santa Cecilia	12.208	CESION ADSCR AC17
F06	XAR	Solo Urbanizable	zona verde	3.958	CESION INCL UBLE03
G06	XAR	A Gándara (Urbano)	zona verde	618	CESION INCL G12
G07	XAR	Solo Rústico	zona verde	26.024	EXPROP
L02	XAR	As Lagoas (Urbano)	zona verde	4.017	CESION INCL L02
L03	XAR	Solo Rústico	zona verde	17.921	EXPROP
L04	PAR	Solo Rústico	Corredor fluvial do Rego Seco	81.803	EXPROP
L05	XAR	Solo Rústico	zona verde	35.095	EXPROP
N01	PAR	Solo Rústico	Paseo da Ría (Tramo norte)	60.225	EXPROP
OC02	PAR	Solo Rústico	Parque do Castro do Petouzal	53.773	EXPROP
OC03	XAR	Solo Rústico	Corredor verde do Couto	33.146	EXPROP
OC04	XAR	Solo Rústico	Xardíns do Couto	2.246	EXPROP

SISTEMAS XERAIS					
CÓD.	SUBTIPO	UBICACION	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)	MÉTODO OBTENCIÓN
OC05	PAR	Solo Rústico	Paseo da Ría (Tramo sur)	71.871	EXPROP
OC06	XAR	Solo Urbanizable	zona verde	6.174	CESION INCL UBLE03
P06	PAR	Piñeiros (Urbano)	zona verde	6.007	CESION INCL P10
P07	XAR	Solo Rústico	zona verde	577	EXPROP
P08	XAR	Piñeiros (Urbano)	zona verde	11.835	CESION INCL P04
P09	PAR	Piñeiros (Urbano)	Parque fluvial do Río Freixeiro (Tramo norte - marxe esquerda)	5.721	CESION ADRCR P01
P10	XAR	Piñeiros (Urbano)	zona verde	6.736	CESION INCL P09
P11	PAR	Solo Rústico	Parque fluvial do Río Freixeiro (Tramo centro - marxe dereita)	60.214	EXPROP
P12	PAR	Solo Rústico	Parque fluvial do Río Freixeiro (Tramo centro - marxe esquerda)	32.743	EXPROP
P13	XAR	Solo Rústico	zona verde	6.768	EXPROP
P14	PAR	Solo Rústico	Parque fluvial do Río Freixeiro (Tramo norte - marxe dereita)	47.847	EXPROP
X05	PAR	Xuvia (Urbano)	Paseo marítimo Xuvia (Ampliación)	4.154	CESION INCL X01
X06	XAR	Solo Rústico	Corredor fluvial do Rego dos Sobecos	4.582	EXPROP
TOTAL SISTEMA XERAL DE ESPAZOS LIBRES EPREVISTOS				792.657m²	

As previsións de novos sistemas xerais de espazos libres e zonas verdes baséanse no obxectivo do PXOM de crear corredores verdes que conecten os espazos libres do solo urbano co territorio a través principalmente dos cursos fluviais (Rego de Santa Cecilia e Rego Seco) e a creación dun corredor litoral ao longo de toda a costa da Ría de Ferrol.

Deste xeito desde calquera dos barrios de Narón, existe a posibilidade de a través dunha concatenación de espazos libres (existentes e previstos no PXOM) enlazar con espazos de calidade no litoral e cara o norte coa futura cidade deportiva a carón do campo de fútbol Río Seco e ata o polígono de Río do Pozo.

08.1.2 S.X. EQUIPAMENTOS.

O sistema xeral de equipamentos está formado polos equipamentos públicos destinados a uso sanitario- asistencial, educativo, cultural, deportivo, administrativo- institucional, servizos públicos ou dotacional múltiple ao servizo de toda ou unha parte importante da poboación do concello.

Na memoria informativa relaciónanse os equipamentos existentes de sistema xeral que acadan unha superficie total de 427.571m²

Sistema xeral de equipamentos existentes

		SISTEMAS XERAIS		
CÓD.	SUBTIPO	BARRIOS	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
AC32	AD	ALTO DO CASTIÑEIRO	Concello	625
AC33	AS		Centro de saúde	708
AC34	SC		Auditorio	757
AC35	SC		Casa da Cultura	185
AC36	SC		Biblioteca Municipal	1.461
AC37	AS		Centro de saúde de Freixeiro	6.365
AC38	ED		Escola infantil municipal Domirón	2.297
AC39	SC		Pazo da Cultura	6.012
AC40	AS		Centro de atención ás persoas maiores	4.782
F11	ED		FREIXEIRO	Escola infantil municipal Freixeiro
F12	SP	Policía Local		6.396
F13	ED	IES As Telleiras		22.144
F14	DE	Pavillón deportivo As Lagoas		3.340
F15	ED	IES Terra de Trasancos		11.897
G15	ED	GÁNDARA	Escola infantil municipal A Gándara	1.605
G16	ED		CEIP A Gándara	9.958
G17	SC		Casa da Mocidade	3.856
G18	DE		Complexo deportivo Concello de Narón	5.158
G19	ED		Centro municipal de formación Irmans Froilaz	4.451
G20	DM		Lonxa da Confraría	931
G21	DE		Club de Remo	230
L07	ED	AS LAGOAS	CEIP O Feal	28.725
L08	DE		Estadio de Rioseco	42.248
OC08	DE	O COUTO	Centro deportivo en O Couto	32.012
OC09	DM		Equipamento	10.242
P24	ED	PIÑEIRO	CEIP Piñeiros e Pavillon deportivo Piñeiros	4.682
P25	ED		Escola infantil municipal Piñeiros	1.445
P26	DM		Equipamento	3.941
P27	DE		Campo de fútbol del Cadaval	9.312
P28	SP		Base anti incendios da Xunta de Galicia	755
P29	DM		Equipamento	817
R11	DM		RIO DO POZO	Equipamento
R12	SP	Servizo de prevención, extinción de incendios e salvamento (SPEIS de Narón)		7.016
S20	ED	A SOLAINA	CEIP A Solaina	6.894
S21	DE		Pavillón deportivo A Solaina	1.862
S22	DM		Equipamento	3.326
S23	ED		CEIP Virxen do Mar	3.327

SISTEMAS XERAIS				
CÓD.	SUBTIPO	BARRIOS	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
S24	DE		Pavillón deportivo Campo da Serra	1.816
SE01	SC	SEDES	Parque temático do mundo rural "Aldea Nova"	37.889
SX02	DM	SAN XULIAN	Equipamento	18.317
SX03	SP		Cemiterio Municipal	87.525
X12	ED	XUVIA	CEIP Ponte de Xuvia	4.805
X13	AD		Xulgado	277
X14	SC		Muiño de Xuvia	790
X15	ED		Escola infantil municipal Xuvia	5.070
				427.571 m²

AS sanitario-asistencial AD administrativo-
 ED educativo SP servizos público
 SC cultural DM dotacional múltiple
 DE deportivo

A partir da análise desta información avalíase a cobertura e déficits de equipamentos, deste xeito engádesse aos 427.571m² existentes unha superficie de 192.347m² segundo a seguinte táboa:

Sistema xeral de equipamentos previstos

SISTEMAS XERAIS					
CÓD.	SUBTIPO	BARRIO/PARROQUIA	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)	MÉTODO OBTENCIÓN
AC41	DM	NARÓN. SUB-03.DOT	Novo centro educativo	13.124	CESIÓN INCL UBLE03
F16	DM		Novo centro terceira idade	11.719	CESIÓN INCL UBLE03
G22	DM	A GÁNDARA		3.113	EXPROP
L09	DE	SOLO RÚSTICO . AS LAGOAS	Complexo deportivo estadio Rio Seco	11.554	EXPROP
L10	DE		Complexo deportivo estadio Rio Seco	31.118	EXPROP
L11	DM				32.423
P30	ME	PIÑEIRO	EQ en SUNC P09	4.313	CESIÓN INCL P09
SX04	SP	SAN XIAO	Ampliación Cemiterio Municipal	84.984	EXPROP
TOTAL SISTEMA XERAL DE EQUIPAMENTOS PREVISTOS				192.347 m²	

AS sanitario-asistencial AD administrativo-
 ED educativo SP servizos público
 SC cultural DM dotacional múltiple

A cobertura de equipamentos de carácter xeral no temo municipal de Narón é boa, polo que as previsións que o Plan realiza, correspóndense na súa maior parte con actuacións concretas como son a ampliación do cemiterio municipal, a creación dunha cidade deportiva a carón do

estadio río Seco ou a obtención terreos co desenvolvemento do solo urbanizable dotacional para a construción dun novo centro educativo e unha residencia para a terceira idade. O resto os equipamentos son actuacións concretas para a ampliación, ou consecución de pezas de menor entidade.

08.1.3 CUMPRIMENTO DOS ESTÁNDARES DE SISTEMA XERAL

O artigo 42 da LSG establece que o PXOM deberá prever xustificadamente as reservas de solo necesarias para a implantación dos sistemas xerais ao servizo de todo o termo municipal en proporción á capacidade máxima residencial do Plan, fixando uns estándares de 15m² / 100m² edificables de uso residencial para o sistema xeral de espazos libres e 5m²/100m² edificables de uso residencial para o sistema xeral de equipamento comunitario.

Partindo dos datos do presente apartado, cunha previsión de 1.265.024m² de sistema xeral de espazos libres e 619.918m² de sistema xeral de equipamento comunitario.

En canto a capacidade residencial do Plan, descrita no apartado 12.2. da presente memoria a superficie edificable residencial a teito de Plan é de 5.201.762 m² (unhas 33.600 vivendas)

Cadro de cumprimento do artigo 42 da LSG

SUP. EDIF RESID A TEITO DE PLAN	S.X. ESPAC LIBRES E ZONAS VERDES		S.X. EQUIPAMENTO COMUNITARIO	
	SEGUNDO LSG	PXOM	SEGUNDO LSG	PXOM
	15m ² /100m ²	24,32m ² /100m ²	5m ² /100m ²	11,92m ² /m ²
m ²	780.264,30	1.265.024	260.088,10	619.918m ²

Apreciase que o sistema xeral de dotacións previstos no PXOM para o conxunto do termo municipal son moi superiores ás exhibibles segundo o artigo 42 da LSG acadando uns estándares globais de 24,32m² de espazos libres e 11,92m² de equipamento comunitario por cada 100m² construídos de uso residencial.

08.2 O SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS. CUMPRIMENTO DE CESIÓN DE SISTEMA LOCAL NO SOLO URBANO NON CONSOLIDADO.

08.2.1 SISTEMA LOCAL: ZONAS VERDES E ESPAZOS LIBRES

Na memoria informativa relaciónanse os espazos libres e zonas verdes existentes de carácter local, cunha superficie total de 192.293m² segundo a seguinte táboa:

SISTEMA LOCAL					
CÓD.	SUBTIPO	PARROQUIA	BARRIOS	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
AC23	ARP	NARÓN (CONTORNA URBANA)	ALTO DO CASTIÑEIRO	Área peonil	559
AC25	PAS			Paseo	4.679
AC22	XAR			Xardíns	1.577
AC21	PRA			Praza Tranvías	2.360
AC20	XAR			Praza do botánico Rodríguez Dacal	2.023
AC19	ARX			Área de xogosinfantís	992
AC11	XAR			Xardíns	3.263
AC12	PRA			Praza	673
AC13	ARX			Área de xogosinfantís	616
AC14	ARX			Área de xogosinfantís	888
AC15	ARP			Área peonil	925
AC16	ARX			Área de xogosinfantís	2.103
AC17	PRA			Praza	1.198
AC18	ARP			Área peonil	850
AC24	XAR	Xardíns	3.223		
F07	ARX	NARÓN (CONTORNA URBANA)	FREIXEIRO	Área de xogosinfantís	652
F08	ARX			Área de xogosinfantís	1.023
F09	XAR				509
G12	ARX	NARÓN (CONTORNA URBANA)	A GÁNDARA	Área de xogosinfantís	489
G13	ARP			Área peonil	464
G11	XAR			Xardíns	3.371
G08	ARX			Área de xogosinfantís	1.442
G10	ARX			Área de xogosinfantís	356
G09	PAS			Paseo	7.104
N03	XAR	NARÓN (PERIURBANO)	AS FERRERÍAS	Parque das Ferrerías	2.116
N02	XAR	NARÓN (PERIURBANO)	FEAL ANSEDE	Xardíns	999
OC07	ARP	NARÓN (PERIURBANO)	LODAIRO	Área peonil	948
P21	PRA	NARÓN (CONTORNA URBANA)	PIÑEIROS	Praza	648
P20	ARX			Área de xogosinfantís	397
P18	ARX			Área de xogosinfantís	359
P17	ARX			Área de xogosinfantís	541
P16	ARX			Área de xogosinfantís	1.693
P15	PRA			Praza Álvaro Paradela	481
P19	ARX			Área de xogosinfantís	192
L06	XAR	NARÓN (CONTORNA URBANA)	AS LAGOAS	Xardíns	6.711
R07	XAR	CASTRO/SAN MATEO/TRASANCOS	RIO DO POZO	Xardíns Río do Pozo	12.801
R06	XAR			Xardíns Río do Pozo	26.439
R08	XAR			Xardíns	1.745
R09	XAR			Xardíns Río do Pozo	12.935
R05	XAR			Xardíns Río do Pozo	15.595

SISTEMA LOCAL					
CÓD.	SUBTIPO	PARROQUIA	BARRIOS	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
R10	XAR			Xardíns Río do Pozo	7.293
S07	ARX	NARÓN (CONTORNA URBANA)	A SOLAINA	Área de xogosinfantis	1.612
S17	ARX			Área de xogosinfantis	1.088
S03	XAR			Xardíns	3.337
S04	XAR			Xardíns	2.324
S05	XAR			Parque 13 de marzo	1.885
S06	ARP			Área peonil	756
S09	ARX			Área de xogosinfantis	653
S11	ARX			Área de xogosinfantis	709
S12	PAS			Paseo	1.178
S13	PRA			Praza 23 de novembro	2.587
S14	ARP			Área peonil	696
S15	ARP			Área peonil	1.078
S16	ARP			Área peonil	2.044
S02	XAR			Xardíns	2.113
S10	XAR			Xardíns	3.605
S08	XAR			Xardíns	5.589
V01	XAR	O VAL	O VAL	Parque de O Val	1.716
X07	PRA	NARÓN (CONTORNA URBANA)	XUVIA (URBANO)	Praza do Colexio	1.326
X08	XAR			Praza Irmáns Freire	2.712
X09	XAR			Praza do colexio	2.643
X10	XAR	SAN XIAO	XUVIA (URBANO)	Xardíns	9.030
SX01	XAR	SAN XIAO	A IGREXA		380
TOTAL SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES EXISTENTES					192.293 m²
TOTAL ZONAS VERDES					162.958 m² (83,72%)

O Plan prevé a obtención de novos espazos libres e zonas verdes de carácter local, que na maior parte dos casos resultan do desenvolvemento das áreas de repartición en solo urbano non consolidado, se ven prevese a obtención de dous espazos libres de sistema local cuxa obtención será por algún dos sistemas previstos no artigo 129 da LSG.

SISTEMA LOCAL					
CÓD.	SUBTIPO	PARROQUIA	BARRIOS	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
AC26	PRA	NARÓN	ALTO DO CASTIÑEIRO	Praza Pazo cultura	6.555
F10	PRA	NARÓN	FREIXEIRO	Ampliación praza	518
TOTAL SISTEMA LOCAL DE ESPAZOS LIBRES PREVISTOS EN SUC					7.073 m²

Sen embargo a maior parte da obtención de solo de espazos libres e zonas verdes de carácter local vencéllase ao desenvolvemento das áreas de repartición no solo urbano non consolidado segundo o seguinte apartado.

08.2.2 SISTEMAS LOCAIS: EQUIPAMENTOS EXISTENTES E PREVISTOS.

Na memoria informativa relaciónanse os equipamentos existentes de carácter local, cunha superficie total de 169.021m² segundo a seguinte táboa:

Cadro de equipamentos de carácter local existentes

SISTEMAS LOCAIS				
CÓD.	SUBTIPO	BARRIO/PARROQUIA	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
AC42	AD	ALTO DO CASTIÑEIRO	Local social Alto do Castiñeiro	372
AC43	AS		Pista polideportiva	957
C02	SC	CASTRO	Local social	500
C03	SC		EU Castro	1.033
C04	SC		Local social O Castro	2.706
C05	AS		Pista polideportiva	3.432
D01	ED	DOSO	Local social	2.003
D02	SC		Pista polideportiva	5.542
F17	AS	FREIXEIRO	Pista polideportiva	865
G23	ED	GÁNDARA	Centro social A Gándara	676
N04	SP	NARÓN	Local social As Reguerías	984
N05	ED		Pista polideportiva Parque Ferrerías	315
OC10	DE	O COUTO	Local social O Couto	1.247
P31	ED	PIÑEIROS	Local social Piñeiros	419
PE02	ED	PEDROSO	Consultorio	923
PE03	ED		EU Pedroso	792
PE04	SC		Centro cívico social de Pedroso	1.087
R13	DE	RÍO DO POZO	na	3.191
R14	ED		na	10.297
R15	DM		na	19.033
R16	DE		na	5.142
S25	ED	SOLAINA	Pista polideportiva	3.730
S26	DE		Local social Virxe do Mar	505
S27	DE		Local social AA.VV. Trasancos	42
SE02	DM	SEDES	Feira do Trece	19.210
SE03	ED		EU Sedes	653
SE04	ED		Lavadoiro	345
SE05	DM		Local social Sedes	1.110
SE06	DE		Pista cuberta	3.026
SX05	SP		SAN XULIAN	EU San Xulián

SISTEMAS LOCAIS				
CÓD.	SUBTIPO	BARRIO/PARROQUIA	DENOMINACIÓN	SUP. (m ²)
SX06	DM		Local social San Xulián	2.726
SX07	DM		Pista polideportiva	6.247
T01	SP	TRASANCOS	EU San Mateo de Trasancos	6.777
T02	ED		Local social de Trasancos	1.405
T03	DE		Campo de fútbol de Trasancos	24.291
V02	DM	O VAL	EU O Val	2.903
V03	ED		Consultorio do Val	1.710
V04	DE		Local social O Val	885
V05	SC		Pista polideportiva	4.977
V08	DM		Pista polideportiva Vilacornelle	3.203
V09	SP		Campo de futbol de Sinde	15.321
X16	ED	XUVIA	Pista polideportiva	1.782
X17	AD		Antigo cuartel Garda Civil	2.064
X18	SC		Nave de servizos	1.257
				169.021 m²

AS	sanitario-asistencial	AD	administrativo-
ED	educativo	SP	servizos público
SC	cultural	DM	dotacional múltiple
DE	deportivo		

A previsión do Plan de obtención de equipamentos de Carácter local vencéllase en todos os casos ao desenvolvemento das áreas de repartición no solo urbano non consolidado segundo o seguinte apartado.

08.2.3 SISTEMAS LOCAIS: ESPAZOS LIBRES E EQUIPAMENTOS NAS ÁREAS DE REPARTICIÓN. CUMPRIMENTO DAS RESERVAS MÍNIMAS.

O apartado 2 do artigo 42 da LSG establece, que *con independencia dos sistemas xerais, o plan que conteña a ordenación detallada establecerá no solo urbano non consolidado e no solo urbanizable as reservas mínimas de solo para os seguintes sistemas locais, ao servizo do polígono ou sector:*

- a) *Sistema de espazos libres públicos destinados a parques, xardíns, áreas de lecer, expansión e recreo da poboación:*
- *En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: 18 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados edificables e como mínimo o 10 % da superficie total do ámbito.*
 - *En ámbitos de uso terciario ou industrial: a superficie que, xustificadamente, se estableza no planeamento de desenvolvemento.*

- b) Sistema de equipamentos públicos destinados á prestación de servizos sanitarios, asistenciais, docentes, culturais, deportivos e outros que sexan necesarios:
- En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: 10 metros cadrados de solo por cada 100 metros cadrados edificables.
 - En ámbitos de uso terciario ou industrial: a superficie que, xustificadamente, se estableza no planeamento de desenvolvemento.
- c) Prazas de aparcadoiros de vehículos: unha praza de aparcadoiro por cada 100 metros cadrados edificables, das que, como mínimo, a cuarta parte debe ser de dominio público.
- d) Para arborado:
- En ámbitos de uso residencial ou hoteleiro: a plantación ou conservación dunha árbore por cada 100 metros cadrados edificables.
 - En ámbitos de uso terciario ou industrial: a plantación ou conservación do número de árbores que, xustificadamente, se estableza no planeamento de desenvolvemento.

Nas áreas de repartición definidas en solo urbanizable e núcleo rural esta PXOM non fixa reservas mínimas de sistema local, remitíndose á LSG. Si o fai no solo urbano non consolidado, atendendo á vontade do lexislador, que prevé o cumprimento das reservas de sistema local a nivel de distrito e non en cada área de repartición. Así procede o PXOM, que establece as reservas segundo o estudo dos déficits de cobertura de dotacións no núcleo de Narón e segundo a ordenación prevista, garantindo en todo caso o cumprimento conxunto dos estándares mínimos.

Estes estándares son de aplicación ao Distrito 1, único distrito con áreas de repartición.

No apartado 07.1. calculouse a capacidade máxima residencial da totalidade dos ámbitos de repartición do Distrito 1, que ascende a 845.510m², cunha superficie total dos ámbitos de 994.021m², de modo que as reservas mínimas a establecer polo PXOM son:

- Espazos libres $18 \text{ m}^2\text{s} \times 845.510 \text{ m}^2\text{e} / 100 = \mathbf{152.191,8 \text{ m}^2}$
10% 994.021 m²s = 99.402,21 m²s
- Equipamentos $10 \text{ m}^2\text{s} \times 845.510 \text{ m}^2\text{e} / 100 = \mathbf{84.551,0 \text{ m}^2\text{s}}$
- Prazas aparc. $1 \times 845.510 \text{ m}^2\text{e} / 100 = \mathbf{8.456 \text{ prazas}}$
25% 8.456 = **2.114 prazas públicas** de aparcamento
- Arboredo $1 \times 845.510 \text{ m}^2\text{e} / 100 = \mathbf{8.456 \text{ árbores}}$

Recóllense a continuación as áreas de repartición do Distrito 1 coas dotacións previstas en cada un deles:

As reservas previstas no PXOM cumpren sobradamente os estándares mínimos, como se pode apreciar na táboa adxunta:

CÓDIGO AR	SUPERFICIE BRUTA ÁMBITO (m ²)	USO GLOBAL	EDIFICABILIDADE RESID (m ² e)	SIST. LOCAISELZV	SIST. LOCAIS Eq	PRAZAS PÚBLICAS PREVISTAS	ARBOREDO PREVISTO
AC-01	20.026	RES	18.611	-	1.500	47	240
AC-02	9.627	RES	7.430	-	1.300	19	135
AC-04	29.327	RES	11.211	-	1.700	28	340
AC-06	15.175	RES	17.247	4.000	2.500	43	140
AC-07	6.906	RES	11.318	2.200	-	28	80
AC-08	8.975	RES	15.586	-	-	39	100
AC-09	7.747	RES	6.421	1.500	2.000	26	80
AC-10	10.442	RES	13.991	2.000	1.000	56	90
AC-11	7.091	RES	9.570	-	1.500	38	20
AC-12	24.678	RES	33.630	3.500	1.700	135	230
AC-13	6.911	RES	6.898	-	2.200	17	40
AC-14	15.971	RES	18.251	5.200	900	46	210
AC-15	17.961	RES	21.944	6.200	1.900	55	180
AC-16	8.910	RES	9.928	4.000	-	25	120
AC-17	25.978	RES	18.008	8.500	4.800	63	280
AC-18	3.248	RES	4.215	-	-	11	25
AC-19	3.666	RES	3.140	1.400	-	8	40
AC-20	3.550	RES	4.205	300	-	11	35
AC-21	3.781	RES	1.702	250	-	4	20
AC-22	4.831	RES	6.814	-	-	17	30
AC-23	50.542	RES	20.003	-	4.200	50	315
AC-24	4.095	RES	2.048	2.000	-	5	55
API-01-RES	11.035	RES	14.285	-	2.648		
API-02-RES	8.571	RES	9.000	3.726	-		
F-01	10.166	RES	11.379	400	800	28	90
F-02	9.307	RES	10.103	1.500	800	40	90
F-03	3.316	RES	2.702	-	-	4	20
F-04	10.445	RES	17.102	800	800	43	85
F-05	2.717	RES	4.181	-	600	6	15
F-06	11.376	RES	13.756	800	2.000	34	75
F-07	10.124	RES	13.234	1.500	1.000	33	60
F-08	3.458	RES	5.187	750	-	13	30

CÓDIGO AR	SUPERFICIE BRUTA ÁMBITO (m ²)	USO GLOBAL	EDIFICABILIDADE RESID (m ² e)	SIST. LOCAISELZY	SIST. LOCAIS EQ	PRAZAS PÚBLICAS PREVISTAS	ARBOREDO PREVISTO
F-09	6.962	RES	6.962	1.500	-	17	90
F-10	6.979	RES	10.908	600	300	27	60
F-11	15.498	RES	7.561	900	-	19	80
F-12	60.410	RES	23.815	8.000	3.000	60	390
F-13	45.311	RES	17.401	8.000	5.000	44	360
F-14	10.501	RES	8.884	2.200	-	22	110
G-01	2.049	RES	3.688	700	-	9	20
G-02	2.359	RES	5.654	-	-	14	15
G-03	2.226	RES	5.566	-	-	14	10
G-04	2.420	RES	5.211	700	-	13	20
G-05	7.682	RES	8.924	3.000	700	22	90
G-07	4.729	RES	5.792	1.200	-	14	60
G-08	12.907	RES	22.475	3.000	1.600	56	100
G-09A	4.605	RES	3.223	150	-	29	25
G-09B	1.836	RES	3.672	500	-	9	20
G-10	8.576	RES	3.371	-	-	8	15
G-11	10.233	RES	8.992	-	1.400	22	50
G-12	1.080	RES	1.584	-	-	4	15
G-13	1.277	RES	3.193	300	-	8	10
L-01	*	IND	*	-	3.000	50	30
L-02	*	IND	*	-	-	122	200
L-03	*	IND	*	-	2.000	70	1525
L-04	56.663	RES	21.349	11.000	4.500	53	500
API-04-RES	4.813	RES	1925,2	3.048	408	Segundo PI/PU	
OC-01	15.700	RES	6.079	900	1.100	15	70
OC -02	26.426	RES	10.184	1.500	2.600	25	120
OC -03	10.923	RES	4.369	400	900	11	50
OC -04	32.683	RES	12.851	4.000	2.100	32	160
P-01	13.146	RES	10.678	6.000	900	27	175
P-02	7.618	RES	9.027	3.000	-	27	90
P-03	3.054	RES	4.582	250	-	7	25
P-04	14.177	RES	7.496	-	-	19	250
P-05	13.045	RES	9.050	200	7.300	14	40
P-06	7.260	RES	5.082	-	3.100	13	40
P-07	12.101	RES	14.447	1.800	2.200	43	110
P-08	11.449	RES	9.656	5.500	-	29	160
P-09	24.362	RES	10.755	-	-	27	220

CÓDIGO AR	SUPERFICIE BRUTA ÁMBITO (m ²)	USO GLOBAL	EDIFICABILIDADE RESID (m ² e)	SIST. LOCAISELZY	SIST. LOCAIS EQ	PRAZAS PÚBLICAS PREVISTAS	ARBOREDO PREVISTO
P-10	9.540	RES	5.382	-	-	13	160
P-11	14.628	RES	5.245	300	2.800	13	65
API-03-RES	9.082	RES	6.657	4.152	0	Segundo PI/PU	
S-01	3.661	RES	8.992	-	-	22	35
S-02	11.916	RES	18.439	2.500	1.000	46	100
S-03	2.627	RES	6.002	-	-	15	15
S-04	4.413	RES	6.861	2.000	-	17	60
API-05-RES	12.913	RES	20.293 12280	2.226	4.067	Segundo PI/PU	
API-06-RES	14.914	RES	12.208	4.877	-	Segundo PI/PU	
X-01	12.073	RES	12.885	600	-	39	150
X-02	25.223	RES	24.081	11.000	2.500	60	290
X-03	8.968	RES	15.694	2.500	-	47	110
X-04	4.559	RES	7.979	1.500	-	24	60
X-05	13.660	RES	15.747	300	5.200	39	80
X-06	12.219	RES	15.274	4.500	-	38	150
X-07	2.612	RES	6.265	-	-	16	20
TOTAL ÁREAS REPARTICIÓN DISTRITO 1			845.510m²	155.329	93.523	2.360	8.460

Tal como pode comprobarse nas táboas as reservas de espazos libres, equipamentos así como arborado e prazas de aparcadoiro previstas nos ámbitos de solo urbano non consolidado están por riba dos ratios establecidos na lexislación urbanística.

08.3 O SISTEMA XERAL DE INFRAESTRUTURAS DE SERVIZO

Achégase a continuación unha análise pormenorizada de cada un dos servizos referidos no Regulamento:

- Á execución da política hidráulica, especialmente os encoros e as construcións e conducións que aseguren o abastecemento de auga.
- Á evacuación das augas residuais e a súa depuración.
- Ao tratamento e á eliminación de residuos.
- Á protección da natureza e á loita contra o lume.
- Á execución da política enerxética (enerxía eléctrica e gas).
- Aos elementos e liñas xerais de telecomunicacións en calquera das súas formas.

Forman parte do sistema xeral os elementos e redes fundamentais:

Abastecemento

Depósito de O Val

Rede principal: FE-12 hasta Río Pozo, AC-566 entre Freixeiro e As Lagoas, estrada Castela, rúa Concepción Arenal, avenida Santa Icíá, estrada Castelao, rúa Plaza Gándara Industrial, estrada Gándara, avenida Souto Vizoso, estrada Feal.

Saneamento

EDAR de Sedes

EDAR de Pedroso

Tanques de tormenta

Rede principal:

Colector- interceptor.

Colector de Río Pozo a rotonda de Freixeiro, colector de estrada Castela.

Residuos

Punto limpo.

Política enerxética

Rede eléctrica

Liñas de alta tensión

Liñas de media tensión

Rede de gas

Rede de alta presión

Telecomunicacións

Antena repetidora de Retegal

Central de telefónica

Rede principal: estrada Castela, AC-566, estrada Castelao

Axúntase a continuación táboa- resumo dos elementos de carácter superficial, sen prexuízo de que nos planos se representen elementos lineais e superficiais.

CÓDIGO	TITULARIDADE	ALCANCE	OBTENCIÓN	TIPO	SUBTIPO	BARRIO	DENOMINACIÓN	SUP. DO SOLO (m ²)
AC46	DPb	SX	Ex	IS	TEL	ALTO DO CASTIÑEIRO	Central de Telefónica	654
F19	DPb	SX	Ex	IS	SAN	FREIXEIRO	Tanque de Tormentas (Cadaval)	4.190
G27	DPb	SX	Ex	IS	SAN	A GÁNDARA	Tanque de Tormentas (A Gándara)	152
G26	DPb	SX	Ex	IS	SAN	A GÁNDARA	Tanque de Tormentas (Inxerto 1)	208
G28	DPb	SX	Ex	IS	SAN	A GÁNDARA	Tanque de Tormentas (Inxerto 2)	154
L12	DCp	SX	Ex	IS	TEL	A GÁNDARA	Antena repetidora de Retegal	-
P34	DPb	SX	Ex	IS	SAN	PIÑEIRO	Tanque de Tormentas (Xuvia)	1013
R21	DPb	SX	Ex	IS	RES	RIO DO POZO	Punto Limpio	1.766
R22	DPb	SX	Ex	IS	ELE	RIO DO POZO	Subestación eléctrica "Río do Pozo"	4.018
N06	DPb	SX	Ex	IS	ELE	CORNIDO	Subestación eléctrica O Cornido	35.667
PE11	DPb	SX	Ex	IS	SAN	PEDROSO	EDAR de Pedroso	1.321
T08	DPb	SX	Ex	IS	ABS	CAAVEIRO	Depósito de O Val	7.844
SE11	DPb	SX	Ex	IS	SAN	BORRALLADA	EDAR de Sedes	3.850
TOTAL SISTEMAS XERAIS INFRAESTRUTURAS REDES DE SERVIZOS								60.837

CÓDIGO

DPb	Titularidade pública	IS	Infraestruturas de servizos		
SX	Sistema xeral	ABS	Abastecemento	RES	Residuos urbanos
Ex	Existente	SAN	Saneamento	TEL	Telecomunicacións
Ob	Previsto	ELE	Energía eléctrica		

O artigo 65.2 RLSG establece que “se considerarán dotacións urbanísticas públicas ou de carácter público aquelas que sexan de uso e titularidade públicos. Así mesmo, a efectos da aplicación deste regulamento, consideraranse dotacións de carácter público as infraestruturas de servizos de titularidade privada sempre que se garanta pola normativa sectorial correspondente o dereito de acceso a terceiros e sen prexuízo da titularidade pública ou privada dos terreos sobre os que se localicen”. En aplicación deste artigo considéranse como dotacións públicas as subestacións e a Central de Telefónica.

A continuación analizaremos a suficiencia das redes de abastecemento e saneamento respecto da demanda xerada polo desenvolvemento do PXOM.

08.3.1 ABASTECIMENTO. XUSTIFICACIÓN DA DISPOÑIBILIDADE DO RECURSO

A empresa concesionaria do servizo de abastecemento de auga é a *Compañía de Servizos Medioambientales do Atlántico S.A. (COSMA)*.

No seu informe do 7 de outubro de 2019, a compañía manifestaba que “O caudal subministrado á rede antes do inicio de actividade de COSMA, ascendía a 4.115.295 m³/ano. O cal foi reducíndose ao longo dos anos a pesar do incremento de poboación e industria, grazas á renovación da rede e os programas de sectorización e busca de fugas, ata os 2.892.663 m³/ano no ano 2018. Tendo en conta estes datos e os reforzos na rede de abastecemento incluídos no plan de inversión aprobado por COSMA, a rede xeral de abastecemento ten capacidade hidráulica suficiente para albergar o incremento de caudal considerado no documento de aprobación inicial do PXOM”.

Cabe mencionar respecto do anterior que a necesidade total de abastecemento estimada nese documento informado ascendía a 4.378.540 m³/ano, análogo ao caudal fornecido antes de comezar a operar a citada compañía.

08.3.2 REDE DE SANEAMENTO

A empresa concesionaria COSMA, no seu informe do 7 de outubro de 2019, conclúe que a rede existente ten capacidade para incorporar o incremento de caudal derivado do desenvolvemento do PXOM sometido a informe.

O interceptor xeral da marxe dereita de Ferrol, explotado por ACUAES, leva as augas ata a estación de bombeo da Malata e de aí á estación depuradora de augas residuais de Cabo Prioriño, explotada por EMAFESA.

A EDAR de Cabo Prioriño foi deseñada para dar servizo á poboación de Ferrol, Narón e Neda, cunha poboación horizonte de 198.500 habitantes equivalentes (156.000 habitantes domésticos e 42.500 habitantes equivalentes industriais), conforme ao Proxecto realizado por Confederación Hidrográfica do Norte en 2.005.

08.4 O SISTEMA XERAL INFRAESTRUTURAS DE COMUNICACIÓNS

O sistema de comunicacións está formado por toda a rede de comunicación viaria, ferroviaria e portuaria de titularidade pública destinada ao transporte e mobilidade de persoas e mercadorías. En atención á problemática exposta, o Plan propón unha rede básica ou de sistema xeral de carácter orgánico e estruturante que obedece a unha orde xerárquica e ao contexto territorial metropolitano e rexional no que se inserta.

08.4.1 SISTEMA VIARIO

Está formado pola rede de estradas do Estado, estradas da Xunta e as da Deputación, conforme a expresión gráfica contida nos planos de ordenación. Aínda que a maioría destes sistemas xerais son, pola súa propia natureza, de carácter liñal, atopamos tamén algúns espazos aos que se lles outorga tal consideración, como os aparcamentos derivados do Plan sectorial de aparcamentos disuasorios ou o aparcamento para camións de Río Pozo....

Recóllese a continuación táboa- resumo destes ámbitos, sen prexuízo de que en planos representense tantos os sistemas xerais superficiais como os liñais:

CÓDIGO	TITULARIDADE	ALCANCE	OBTENCIÓN	TIPO	SUBTIPO	BARRIO	DENOMINACIÓN	SUP. DO SOLO (m ²)
S30	pb	SX	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro disuasorio	1327
R25	pb	SX	Ex	IC	VIA	CASTRO	Aparcadoiro	12060
X24	pb	SL	Ex	IC	VIA	SAN XIAO	Aparcadoiro	391
R24	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	2308
G29	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	2969
R23	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	5708
AC47	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	628
F20	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	2012
N09	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	1743
AC50	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	3925
AC49	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	959
G30	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	1214
AC48	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	4528
S29	obt	SL	Ob	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	626
SX10	obt	SL	Ob	IC	VIA	SAN XIAO	Aparcadoiro	823
X23	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	1207
X22	obt	SX	Ob	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro disuasorio	2727
R26	obt	SX	Ob	IC	VIA	CASTRO	Conexión	2592
N07	obt	SL	Ob	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	2494
P35	pb	SL	Ex	IC	VIA	NARÓN	Aparcadoiro	1676
TOTAL SISTEMAS XERAIS INFRAESTRUTURA VIARIA								51.917

CÓDIGO

DPb	Titularidade pública	IC	Infraestruturas de comunicación
SX	Sistema xeral	VIA	Viarías
Ex	Existente	Ob	Previsto
		FER	Ferrovias

O Plan expresa a reserva de solo para as vías recollidas no Plan Sectorial da Rede Viaria de Ferrol, Fene, Neda, Narón, Ares, Mugardos e Cabanas, cuxa execución está prevista por parte da comunidade Autónoma:

- Conexión AC-116 (C-646) Costa Norte por Río do Pozo
- Conexión AC-599 (CA-113) con AC-862 (C-642) en Narón
- Conexión FE- AC-566
- Remodelación enlace AG-64 con AC-566

O cumprimento dos obxectivos do Plan en relación á mellora do sistema de transporte e comunicación viaria vaise facer en atención ás prioridades básicas e considerando a capacidade limitada do Plan para abordar problemáticas que requiren de análise e determinacións específicas.

08.4.2 SISTEMA FERROVIARIO

Está formado pola rede ferroviaria que discorre polo termo municipal de Narón coincidindo co dominio público ferroviario.

Aínda que a maioría deste sistema xeral é pola súa propia natureza, de carácter liñal, atopamos tamén algúns espazos aos que se lles outorga tal consideración, como os aparcamentos vinculados aos apeadoiros.

Recóllese a continuación táboa- resumo destes ámbitos, sen prexuízo de que en planos representense tantos os sistemas xerais superficiais como os liñais:

CÓDIGO	TITULARIDADE	ALCANCE	OBTENCIÓN	TIPO	SUBTIPO	BARRIO	DENOMINACIÓN	SUP. DO SOLO (m ²)
AC51	DPb	SX	Ex	IC	FER	ALTO DO CASTIÑEIRO	Apeadero de FEVE O Alto do Castiñeiro	185
P36	DPb	SX	Ex	IC	FER	PIÑEIROS	Apeadero de FEVE Piñeiros	384
N08	DPb	SX	Ex	IC	FER	PIÑEIROS	Apeadero de FEVE O Ponto	189
S32	DPb	SX	Ex	IC	FER	A SOLAINA	Apeadero de FEVE Santa Icíá	137
S31	DPb	SX	Ex	IC	FER	A SOLAINA	Apeadero de FEVE Virxe do Mar	133
N10	DPb	SX	Ex	IC	FER	XUVIA	Estación FEVE Xuvia	4.288

N11	DPb	SX	Ex	IC	FER	AS FERRERÍAS	Apeadeiro de FEVE As Ferrerías	91
PE12	DPb	SX	Ex	IC	FER	PEDROSO	Apeadeiro de FEVE Pedroso	1.645
SE12	DPb	SX	Ex	IC	FER	BORRALLADA	Apeadeiro de FEVE Sedes	210
TOTAL SISTEMAS XERAIS INFRAESTRUTURA FERROVIARIA								7.262

08.4.3 SISTEMA PORTUARIO

A lexislación urbanística galega inclúe no sistema de infraestruturas de comunicación os sistemas xerais portuarios. Narón conta con terreos de dominio público portuario adscritos ao Porto de Ferrol situados en Xuvia. Con todo, como xa se comentou anteriormente, estes terreos non albergan porto de transporte algún, senón que acollen actualmente as instalacións de Megasa, destinándose á actividade industrial. Identifícase nos planos o sistema xeral SX-IC-Ex POR-MEGASA.

O PXOM carece de competencias para ordenar estes terreos, que estarán ao disposto na lexislación sectorial e o Plan Especial do ámbito portuario de Megasa, aprobado definitivamente o 17 de xullo de 1995. Si é competente, con todo, para instar á autoridade portuaria a revisar o Plan Especial e reflexionar sobre a relación física e urbanística entre os terreos portuarios e a cidade, máxime se temos en conta que as instalacións portuarias non só sitúanse nun punto privilexiado da costa naronense, senón que tamén lindan co Camiño Inglés de Santiago.

09. RESERVA DE SOLO PARA VIVENDA PROTEXIDA

O presente PXOM, de acordo co establecido no artigo 42.9 da LSG e 77.1 do seu regulamento, e en concordancia co Texto refundido da “Ley del suelo y rehabilitación urbana” establece as determinacións de ordenación e normativa para dar cumprimento á demanda de vivenda sometida a algún réxime de protección pública.

Segundo a LSG deberá prever unhas reservas de solo para a vivenda suxeita a algún réxime de protección pública que, como mínimo, comprenderán os terreos necesarios para realizar o 30 % da edificabilidade residencial prevista pola ordenación urbanística no solo urbanizable e no solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).1. Esta proporción será do 10% no suposto do solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).2. No suposto do solo urbano non consolidado regulado no artigo 17.b).3 non será obrigatorio prever unha reserva para vivenda suxeita a algún réxime de protección.

Excepcionalmente, os plans xerais, atendendo a demanda real de vivenda protexida, poderán fixar unha reserva inferior axustada á porcentaxe de reserva total de solo para vivenda protexida do concello e aos diferentes réximes de vivenda protexida. A porcentaxe de reserva total do concello determinaraa anualmente o Instituto Galego da Vivenda e Solo, con base nos inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia. A resolución que determine esta porcentaxe será obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia. Cando se produza unha variación de máis ou menos dous puntos porcentuais da porcentaxe de reserva total de solo para vivenda protexida do concello establecida no plan xeral respecto da última publicada, o pleno do concello, por maioría absoluta, e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, deberá acordar a modificación das porcentaxes de reserva e axustalas á resolución do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

A porcentaxe de reserva de solo para vivendas protexidas para concellos de máis de 5000 habitante publicada no DOG de 13/02/2023 establece para o concello de Narón:

Para un padrón de 38.938 habitantes, están inscritos no rexistro 156 cunha porcentaxe do 4,01%.

Neste contexto, de que a demanda no concello é inferior a media da comunidade que é a que se aplica, estímase que a reserva específica de vivenda de protección nos estándares xerais establecidos dende a lexislación axústase ás necesidades do municipio superando as establecidas no rexistro único de demandantes do IGVS: : **6,8%**

Non se prevé no Plan solo urbanizable de carácter residencial, polo que non se establece previsión de vivenda sometida a algún réxime de protección nesta clase de solo, así como nos ámbitos de solo urbano non consolidado de uso industrial.

Do mesmo xeito non se prevé reserva nas actuacións de carácter integral nos núcleos rurais por estar prevista a edificación residencial exclusivamente en vivenda familiar.

No solo urbano non consolidado establécese previsión de vivenda protexida segundo o criterio de aunar a vivenda protexida nos ámbitos con maior edificabilidade de xeito que se podan realizar promocións de un mínimo de 20 vivendas de carácter colectivo.

Estes ámbitos distribúense en varios dos barrios para tratar de que sexa unha oferta homoxénea no núcleo urbano de Narón cumprindo por riba a porcentaxe de vivenda de protección exigible para o Distrito.

Reserva de superficie residencial para VPP en SUNC

CÓDIGO	SUP.RESID. (m ²)	PORC. DE VPP (%)	SUP. VPP (m ² c)
AC-01	18.611	30	5.583
AC-02	7.430	-	
AC-04	11.211	-	
AC-06	17.247	30	5.174
AC-07	11.318	-	
AC-08	15.586	-	
AC-09	6.421	-	
AC-10	13.991	-	
AC-11	9.570	-	
AC-12	33.630	30	10.088
AC-13	6.898	-	
AC-14	18.251	-	
AC-15	21.944	-	
AC-16	9.928	-	
AC-17	18.008	20	3.601
AC-18	4.215	-	
AC-19	3.140	-	
AC-20	4.205	-	

CÓDIGO	SUP.RESID. (m ²)	PORC. DE VPP (%)	SUP. VPP (m ² c)
AC-21	1.702	-	
AC-22	6.814	-	
AC-23	20.003	-	
AC-24	2.048	-	
F-01	11.379	20	2275
F-02	10.103	-	
F-03	2.702	-	
F-04	17.102	30	5.130
F-05	4.181	-	
F-06	13.756	-	
F-07	13.234	-	
F-08	5.187	-	
F-09	6.962	-	
F-10	10.908	-	
F-11	7.561	-	
F-12	23.815	-	
F-13	17.401	-	
F-14	8.884	-	
G-01	3.688	-	
G-02	5.654	-	
G-03	5.566	-	
G-04	5.211	-	
G-05	8.924	-	
G-07	5.792	-	
G-08	22.475	30	6.742
G-09A	3.223	-	
G-09B	3.672	-	
G-10	3.371	-	
G-11	8.992	-	
G-12	1.584	-	
G-13	3.193	-	
L-04	21.349	-	

CÓDIGO	SUP.RESID. (m ²)	PORC. DE VPP (%)	SUP. VPP (m ² c)
OC-01	6.079	-	
OC -02	10.184	-	
OC -03	4.369	-	
OC -04	12.851	-	
P-01	10.678	-	
P-02	9.027	-	
P-03	4.582	-	
P-04	7.496	-	
P-05	9.050	-	
P-06	5.082	-	
P-07	14.447	20	2889
P-08	9.656	-	
P-09	10.755	-	
P-10	5.382	-	
P-11	5.245	-	
S-01	8.992	-	
S-02	18.439	30	5.531
S-03	6.002	60	3.601
S-04	6.861	-	
X-01	12.885	-	
X-02	24.081	30	7.224
X-03	15.694	30	4.708
X-04	7.979	-	
X-05	15.747	-	
X-06	15.274	-	
X-07	6.265	-	
TOTAL	794.060 m²		62.547m²

Deste xeito a porcentaxe de vivenda sometida a algún réxime de protección sobre o total da edificabilidade residencial prevista no Distrito 1 é do 8%, estando 1,2 puntos por riba do mínimo establecido para a totalidade da comunidade autónoma e sendo o dobre que o ratio para o concello de Narón. A obtención de vivenda sometida a algún réxime de protección un dos obxectivos do Plan, estimando a construcións dunhas 470 vivendas de protección.

10 XUSTIFICACIÓN DA COHERENCIA DO PLAN COS INSTRUMENTOS DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO. LEXISLACIÓN SECTORIAL

10.1 COHERENCIA COAS DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

No Estudio Ambiental Estratéxico contido neste documento achégase en cumprimento do apartado 10.1.18 das DOT a análise de compatibilidade estratéxica.

A continuación realízase unha aproximación das determinacións das DOT, excluíntes ou orientativas, con maior influencia no PXOM:

En relación co Solo Urbano

Non se identificaron asentamentos ou novas agrupacións que non se integren na malla urbana ou na rede de núcleos e que precisen de accións de recualificación, para acadar os obxectivos de calidade de vida, cohesión social e integridade ambiental e paisaxística propostos no modelo territorial das Directrices.

Non se inclúen neste Plan previsións de crecementos residenciais desvencellados dos asentamentos preexistentes.

O PXOM prioriza a compactación do Solo Urbano de Narón, mediante operacións de rehabilitación, reforma e consolidación no seu interior. Asemade, evítanse os crecementos ao longo das vías de comunicación, así como a delimitación de novos solos urbanizables residenciais.

Evítanse os desenvolvementos edificatorios en zonas con risco de asolagamento, especialmente en zona de fluxo preferente, de cara a garantir a protección das canles, evitando e diminuíndo os danos ambientais e sobre bens e persoas, seguindo as prescricións establecidas na planificación hidrolóxica e nos plans de xestión de inundacións.

Establécense un modelo de ordenación continuista co PXOM en vigor no solo urbano consolidado e as determinacións para o solo urbano non consolidado busca completar a trama urbana segundo as áreas adxacentes, previndo maiores cesións nos ámbitos mais centrais e densos, viabilizando o desenvolvemento e implantación de dotacións e servizos. Os índices e ratios establecidos pola lexislación urbanística cúmprense a nivel de distrito.

En relación aos núcleos rurais

Consideráronse como Solo de Núcleo Rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficiais así como no Plan Básico Autonómico, que o plan municipal defina e delimite. Téntase potenciar a consolidación das zonas vacantes dos núcleos existentes e evitar procesos de dispersión urbana cun consumo elevado de solo e que non gardan relación coas necesidades da poboación, tendo en conta a delimitación de planeamento precedentes.

Téñense en conta unha serie de criterios como o número de vivendas, o grao de consolidación, a vinculación e presenza de actividades propias do medio rural.

En relación ao litoral

A ordenación da franxa litoral abórdase en coherencia co Plan de ordenación do litoral (POL) (Decreto 20/2011, do 10 de febreiro), tal cal se desenvolverá con máis detalle no apartado correspondente.

En relación co patrimonio natural

Adoptáronse as accións e medidas necesarias para garantir a protección dos recursos naturais e incentivar a mellora da calidade ambiental do territorio, garantindo o seu uso sostible por parte da sociedade.

En relación coa paisaxe

Analizouse a ordenación proposta en coherencia co Catálogo das paisaxes de Galicia (Decreto 119/2016, do 28 de xullo), tal cal se desenvolverá con máis detalle no apartado correspondente.

En relación co patrimonio cultural

Prestouse especial atención á elaboración do Catálogo que recolla a totalidade de elementos patrimoniais susceptibles de protección, pasando dos actuais 289 elementos, recollidos no Catálogo do PXOM 2002 y outras catalogacións, a un total de 305 elementos catalogados, con arranxo á lexislación sectorial de aplicación.

10.2 COHERENCIA CO PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL. LEI DE ORDENACIÓN E XESTIÓN INTEGRADA DO LITORAL DE GALICIA.

O 13 de xullo de 2023 publícase no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia.

No que afecta ao presente planeamento a Disposición adicional cuarta da Lei 4/2023, de 6 de xullo, de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia referente á adaptación do Plan de ordenación do litoral de Galicia aprobado definitivamente por Decreto 20/2011, de 10 de febreiro establece que pasará a denominarse Plan de ordenación costeira de Galicia. E a Disposición transitoria segunda de aplicación transitoria do Plan de ordenación do litoral de Galicia establece que ata a súa revisión manterase o réxime xurídico das áreas de protección costeira, dos corredores e os espazos recollidos nos artigos 54, 57 e 58.

O Plan de Ordenación do Litoral, aprobado por D 20/2011, ten por obxecto “establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras”.

Coa aplicación da LOLGA a totalidade do territorio do termo municipal de Narón pasa a estar afectado polas determinacións do Plan de Ordenación Costeira (transitoriamente do POL).

As comarcas costeiras, delimitadas polo POL, que se localizan no concello de Narón son: Rías Altas e Golfo Ártabro. Á súa vez, o POL tamén define unidades de paisaxe, das cales se localizan no concello de Narón as seguintes: A Gándara, Esteiros do Xuvia e O Freixeiro, Montes da Lagoa e Campelo e A Frouxeira.

A superficie do ámbito de aplicación do POL divídese en áreas continuas e áreas descontinuas, que á súa vez se dividen en distintas zonas. Faise mención daquelas que teñen incidencia no concello de Narón.

A maior parte do territorio está incluída na **area de Mellora Ambiental e Paisaxística (AMAP)** incluíndo nas **áreas de Protección Ambiental (APA)** os terreos coincidentes cos espazos protexidos na costa Ártabra, na Ria de Ferrol e nas beiras do Río Castro- Xuvia.

As **áreas de Reordenación (AR)** son coincidentes cos solo urbanos e núcleos rurais, indicando que prima o planeamento urbanístico municipal vixente as delimitacións contidas no mapa publicado que toma os datos da web do SIOTUGA.

Ademais en Narón existen **áreas de mellora ambiental e paisaxística** que son aquelas que constitúen “*áreas sometidas durante as últimas décadas á maior presión antrópica, nas que se fai necesario conservar e, no seu caso, recuperar a súa calidade ambiental e paisaxística preservándoa de intensos procesos de ocupación edificatoria*”.

O POL inclúe na categoría de **espazos de interese** “*aqueles espazos que posúen unha xeomorfoloxía singular, conteñen taxóns endémicos, vulnerables ou de distribución reducida ou inciden no imaxinario colectivo do litoral de Galicia e son merecedores dunha protección especial*”. No concello de Narón localízanse dous: a zona costeira de Montes de Lagoa e Campelo e outro na zona interior de Pena Moura.

Tamén existen **corredores ecolóxicos**, nos que se recollen os cursos de auga e a súa vexetación de ribeira, así como os espazos adxacentes necesarios para o bo funcionamento dos hábitats de especial valor ecolóxico que os conforman, actuando comogaranxe da conectividade entre as áreas costeiras e os espazos interiores de valor ambiental.

Tamén se establecen varios **miradoiros** que afectan ao concello de Narón, son o de Montes de Lagoa e O Salto dentro do concello, o do Monte Ancos, Esteiros de Xuvia, Marisma do Belelle no concello de Neda.

Ademais, o POL identifica a praia natural de Casal e establece unha proposta de trazado da “Senda dos faros” que posteriormente resolverase mediante Plans Especiais. O PXOM debe recoller, con carácter orientador, o trazado da Senda dos Faros proposta polo POL ata que se aprobe o plan ou plans especiais que desenvolvan esta senda, co obxecto de que o futuro desta non se vexa comprometido. O PXOM incorpora, nos respectivos planos, o trazado da Senda Litoral da Costa Ártabra, que é unha senda existente que se propón como tramo da “Senda dos faros”.

Por outra banda, no POL tipifícanse os distintos asentamentos (en función da súa orixe, estrutura, e calidade urbana ou cohesión social) en: asentamento de carácter fundacional (sinalando núcleos de identidade do Litoral), desenvolvemento periférico, asentamento funcional, agregado urbano, nova agrupación e ámbitos de recualificación. A información sobre os asentamentos, recollida na serie de planos do POL “usos e elementos para a valoración” tense en conta no estudo e tratamento dos núcleos rurais.

Concretamente, dentro dos asentamentos de carácter fundacional, identifícanse os **Núcleos de identidade do Litoral**, que son “*aqueles asentamentos tradicionais cuxa localización*”

estratéxica, no bordo costeirolámina deesteiro e a súa vinculación co mar, confírelles unha singularidade que lles fai merecedores dun tratamento específico". En Narón non existe ningún núcleo de identidade do litoral identificado no POL.

10.3 COHERENCIA CON OUTROS IOT

10.3.1 PLAN HIDROLOXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRAFICA GALICIA- COSTA

O Plan Hidrolóxico Galicia-Costa vixente (2021-2027), aprobado polo Consello de Ministros por RD 48/2023, de 24 de xaneiro, foi elaborado por Augas de Galicia para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga. (Directiva 2000/60/CE)

A partir do Plan Hidrolóxico do ciclo anterior (2015-2021), revisáronse e actualizáronse os contidos de acordo ao establecido na normativa de aplicación vixente e seguindo as indicacións proporcionadas pola Comisión europea aos organismos de bacía dos estados membros.

Os obxectivos xerais deste plan hidrolóxico son a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial. Estes obxectivos acadaranse protexendo a calidade do recurso, economizando o seu emprego e racionalizando os seus usos, en función da capacidade de asimilación dos sistemas acuáticos.

O plan guíase por criterios de sostibilidade no uso da auga mediante a xestión integrada e a protección a longo prazo dos recursos hídricos, a prevención da deterioración do estado das augas, a protección e mellora do medio e os ecosistemas acuáticos e a redución da contaminación. Así mesmo, esta planificación contribuirá a paliar os efectos das inundacións e secas.

Nas zonas inundables e nas zonas de fluxo preferente, os instrumentos de planificación de carácter territorial ou urbanístico establecerán usos e infraestruturas compatibles coas súas condicións.

O Plan Hidrolóxico non establece medidas que afecten ao TM de Narón no apéndice 12.2. Listado de medidas do programa 2021-2027.

O concello de Narón localízase no sistema de explotación nº 14. Ferrol. No municipio localízanse as seguintes masas de auga superficial: Río Grande de Xubia, río Castro, rego Seco e Freixeiro e rego San Vicente.

A fachada atlántica do municipio pertence á masa de auga costeira “Costa Ártabra” (cod. masa ES01418), mentres que a fachada costeira á ría de Ferrol é a masa de augas de transición “Grande de Xubia” (cod. masa ES01439)

Narón pertence ás seguintes dúas unidades de masas de auga subterránea: Coruña – Betanzos – Ares – Ferrol (Cod. Masa 014.011) e San Sadurniño (Cod. Masa 014.014).

As obras previstas no anterior Plan hidrolóxico: o interceptor xeral da marxe dereita da marxe e Ferrol e interceptor xeral do tramo Cadaval- Neda, foron executados e postos en uso na actualidade.

Segundo o artigo 140 do RLSG, na serie de planos de información hai dous planos nos que se poden consultar, a escala 1/10.000, a información referente ás zonas inundables (04IOT_AFEC_08INU) e a rede de canles fluviais (04IOT_AFEC_07AC). En ambos casos utilízase a información dispoñible no Sistema de Cartografía de zonas inundables (Infraestrutura de Datos Espaciais do Ministerio para a Transición Ecolóxica) e a Infraestrutura de Datos Espaciais (IDE) de Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa.

No documento de Aprobación Inicial do PXOM recóllense as determinacións do plan hidrolóxico que teñen especial incidencia no concello de Narón.

Se han elaborado planos onde se reflecta, sobre a ordenación proposta, o dominio público hidráulico e as súas zonas de servidume e de policía, as zonas inundables e as zonas de fluxo preferente.

A Zona de Policía, fóra do Solo Urbano e dos Núcleos Rurais, clasificouse como Solo Rústico de Protección de Augas. Para as zonas inundables establecéronse usos e infraestruturas compatibles coa súa condición natural de inundabilidade, especialmente para la zona de fluxo preferente, en coherencia coa súa condición natural de vía de intenso desaugamento e de zona onde se poden producir graves danos sobre as persoas e os bens, evitando, con carácter xeral, novos aproveitamentos urbanísticos, novas ocupacións edificatorias e novos elementos infraestruturais, salvo as inherentes á xestión do dominio público hidráulico.

10.3.2 PLAN SECTORIAL DA REDE VIARIA DE FERROL, FENE, NEDA, NARÓN, ARES, MUGARDOS E CABANAS, E A SÚA POSTERIOR MODIFICACIÓN

Neste instrumento, que pretende minimizar os problemas detectados na rede viaria galega do seu ámbito de aplicación e satisfacer as demandas de tráfico e mobilidade contribuindo á ordenación e reequilibrio territorial de Galicia, establécese un programa de actuacións que contempla ademais da formación de eixes viarios de novo trazado a mellora e

acondicionamento da rede existente para que queden garantidas tanto a súa funcionalidade como a súa seguridade.

No que respecta a Narón incorpóranse as seguintes propostas de actuacións:

- Conexión AC-116 (C-646) Costa Norte por Río do Pozo
- Conexión AC-599 (CA-113) con AC-862 (C-642) en Narón
- Conexión FE- AC-566
- Remodelación enlace AG-64 con AC-566

A continuación reproducense as determinacións do plan sectorial que teñen especial incidencia na redacción do PXOM, e que se recollen neste documento de Aprobación Inicial.

Recóllense como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas as reservas viarias establecidas neste plan sectorial, a fin de preservar ese solo de calquera actuación allea á execución da infraestrutura prevista. Nestas reservas viarias non se clasifica solo como urbano nin urbanizable nin núcleo rural.

Segundo o Artigo 5°. Reservas viarias del plan sectorial:

1. Defínense inicialmente como reservas viarias do Plan Sectorial as áreas identificadas como tales nos planos correspondentes.
2. Cando a actuación para cuxa execución se teña establecido unha reserva viaria se teña desenvolvido a nivel de estudo informativo aprobado definitivamente, a reserva viaria prevista para ela no Plan Sectorial será substituída pola banda de flutuación do antedito estudo informativo, agás que este fose tramitado como un proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e na súa normativa se estableza unha regulación diferente.
3. En defecto de definición da banda de flutuación no estudo informativo, esta estenderase 100 m a cada lado do eixe da infraestrutura, e 200 m en torno ao punto quilométrico de referencia dos enlaces previstos.
4. Cando a actuación para cuxa execución se teña establecido unha reserva viaria se teña desenvolvido a nivel de anteprojecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente deixará de considerarse a reserva viaria prevista para ela no Plan Sectorial, establecéndose a partir dese intre a zona de dominio público da estrada proxectada e as súas zonas de protección correspondentes, segundo o previsto na lexislación sectorial autonómica en materia de estradas.

Segundo o Artigo 10, Clasificación dos terreos afectados polas reservas viarias:

Os terreos afectados polas reservas viarias do Plan Sectorial clasificaranse, coas excepcións previstas, como solo rústico de protección de infraestruturas, podendo esa clasificación superpoñerse a calquera outra de solo rústico de especial protección.

Segundo o Artigo 11: Solos urbanos

1. Os solos clasificados como urbanos con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial poderán manter a súa clasificación.
2. Non se permitirá a clasificación como solos urbanos dos terreos incluídos nas reservas viarias do Plan Sectorial que non estivesen clasificados como tales con anterioridade á aprobación daquel, tendo en conta as prescricións do artigo 5.2 para o caso de actuacións desenvolvidas a nivel de estudo informativo aprobado definitivamente e do artigo 5.3 para o das desenvolvidas a nivel de anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente

Segundo o Artigo 12: Solos urbanizables

1. Os solos clasificados como urbanizables con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial que contén un plan parcial aprobado, ou instrumento de desenvolvemento equivalente, poderán manter a súa clasificación.
2. Nos solos clasificados como urbanizables con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial que non contén un plan parcial aprobado, ou instrumento de desenvolvemento equivalente, deberase recadar previamente un informe vinculante da Axencia Galega de Infraestruturas sobre a súa compatibilidade co desenvolvemento das infraestruturas viarias previstas no Plan Sectorial.
3. Nos solos que se pretenda clasificar como urbanizables, cando non estivesen clasificados dese xeito con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial, deberase recadar previamente un informe vinculante da Axencia Galega de Infraestruturas sobre a súa compatibilidade co desenvolvemento das infraestruturas viarias previstas no Plan Sectorial.
4. No informe ao que se fai referencia nos apartados anteriores, a Axencia Galega de Infraestruturas poderá declarar:
 - a) Que a clasificación dese solo como urbanizable, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é totalmente compatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que poderá clasificarse como tal.
 - b) Que a clasificación dese solo como urbanizable, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é parcialmente compatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que poderán integrarse nun sector de solo urbanizable, pero destinándoos, total ou parcialmente, a sistema xeral viario.

c) Neste caso, no instrumento de planeamento preverase a obtención deses terreas por parte da administración titular da estrada mediante cesión obrigatoria ou ocupación directa, nos termos previstos na lexislación autonómica en materia de ordenación urbanística.

d) Que a clasificación dese solo como urbanizable, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é totalmente incompatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que deberá clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas, podendo esa clasificación superpoñerse a calquera outra de solo rústico de especial protección.

Segundo o Artigo 13: Solos de núcleo rural;

1. Os solos clasificados como de núcleo rural tradicional con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial poderán manter a súa clasificación.

2. Nos solos clasificados como núcleo rural común ou complexo con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial deberase recadar previamente un informe vinculante da Axencia Galega de Infraestruturas sobre a súa compatibilidade co desenvolvemento das infraestruturas viarias previstas no Plan Sectorial.

3. No informe ao que se fai referencia no apartado anterior, a Axencia Galega de Infraestruturas poderá declarar:

a) Que a clasificación dese solo como núcleo rural común ou complexo, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é parcial ou totalmente compatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que poderá clasificarse como tal.

b) Que a clasificación dese solo como núcleo rural común ou complexo, na parte que se ve afectada pola reserva viaria do Plan Sectorial, é parcial ou totalmente incompatible co futuro desenvolvemento da infraestrutura viaria prevista, polo que deberá clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas, podendo esa clasificación superpoñerse a calquera outra de solo rústico de especial protección.

4. Non se permitirá a clasificación como solos de núcleo rural dos terreas incluídos nas reservas viarias do Plan Sectorial que non estivesen clasificados como tales con anterioridade á aprobación daquel, tendo en conta as prescricións do artigo 4.2 para o caso de actuacións desenvolvidas a nivel de estudo informativo aprobado definitivamente e do artigo 4.3 para o das desenvolvidas a nivel de anteproxecto, proxecto de trazado ou proxecto de construción aprobado definitivamente.

Segundo o Artigo 14: Solos rústicos;

1. Os solos clasificados como rústicos de protección ordinaria con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial deberán clasificarse como solo rústico de protección de infraestruturas.

2. Os solos clasificados como rústicos de especial protección con anterioridade á aprobación do Plan Sectorial poderán manter a súa clasificación, superpoñéndoa á desolo rústico de protección de infraestruturas.

As zonas dentro do termo municipal afectadas polo Plan Sectorial son as seguintes, cuxa descrición e planimetría acompáñase na Memoria Informativa deste documento de Aprobación Inicial:

- Conexión AC-116 (C-646) Costa Norte por Río do Pozo
- Conexión AC-599 (CA-113) con AC-862 (C-642) en Narón
- Conexión FE- AC-566
- Remodelación enlace AG-64 con AC-566

10.3.3 PLAN SECTORIAL DE ÁREAS EMPRESARIAIS DE GALICIA

Trátase dun plan aprobado en 2014 mediante a *Resolución do 5 de maio de 2014 pola que se fai pública a aprobación definitiva e as disposicións normativas do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia*. Foi obxecto dunha modificación puntual: *Resolución do 4 de decembro de 2018 pola que se fai pública a aprobación definitiva da modificación puntual número 1 do Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia, aprobada mediante o Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de novembro de 2018*. Actualmente estase tramitando a segunda modificación puntual inda que non afecta ao termo municipal.

O Plan é un instrumento de ordenación territorial de incidencia supramunicipal que establece as condicións xerais para o futuro desenvolvemento das actuacións de reparación de solo para actividades empresariais que son o seu obxecto, definindo os criterios de deseño, as características funcionais e a localización, que garantan a accesibilidade e a súa inserción no territorio.

O obxecto do Plan é regular a implantación e determinar as condicións xerais para o desenvolvemento de actuacións de preparación de solo para actividades empresariais/industriais.

As funcións que persegue o Plan, integradas nos seus propios obxectivos, son as seguintes:

1. Establecer as reservas de solo necesarias para cubrir os déficits de solo empresarial no ano horizonte do PSOAEG, baixo criterios de sustentabilidade e en congruencia co modelo territorial establecido nas DOT.
2. Determinar os criterios para que se poidan incorporar, con posterioridade á aprobación do PSOAEG, ao desenvolvemento do solo empresarial novas actuacións que teñan como obxectivo dar resposta ás necesidades de solo empresarial derivadas da

aplicación das determinacións das DOT, permitir a implantación de proxectos industriais estratéxicos, en concordancia co establecido na Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia, e posibilitar, con criterios de sustentabilidade, a incorporación ao desenvolvemento de solo empresarial de asentamentos industriais á marxe do planeamento.

3. Garantir o respecto ao patrimonio natural e cultural, determinando o contido dos estudos necesarios que permitan identificar as afeccións, tanto das ampliacións das actuacións existentes como das novas actuacións previstas no PSOAEG ou daquelas outras que se poidan incorporar no futuro ao proceso de desenvolvemento do solo empresarial, para adoptar as medidas correctoras necesarias para m

O ámbito P.I. A Boeira, proposto polo Plan Sectorial, non foi desenvolvido ata o momento. O concello de Narón non está interesado no seu desenvolvemento debido á súa localización e grande tamaño. O ámbito está situado en terreos arborados sen transformar e afastado do resto de polígonos industriais do concello. O seu acceso potencial sería a través da AC-112, estrada autonómica da rede secundaria non axeitada para o tráfico industrial. Este illamento redonda nun encarecemento dos custos de urbanización asociados, así como nunha dispersión das áreas produtivas non desexada tanto polos seus efectos sobre a mobilidade como polo menor atractivo para as empresas susceptibles de implantación. Con todo, o Plan está vixente, polo que este ámbito clasifícase como solo urbanizable, sen que iso supoña a renuncia ao desenvolvemento doutros ámbitos produtivos máis adecuados ás necesidades de Narón.

No plano de información PINF_04IOT_AFEC_03AEMP. Áreas Empresariais, aparcamentos disuasorios e parques eólicos, represéntanse, a escala 1/10.000, as áreas empresariais do PSOAEG, xunto cos outros proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal e o Plan sectorial de aparcamentos disuasorios ligados ao fomento do transporte público e a viaxe compartida nos ámbitos metropolitanos de A Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Santiago de Compostela, Lugo e Ourense.

10.3.4 ACTUACIÓN INDUSTRIAL RÍO DO POZO- SECTOR II

O Proxecto Sectorial de incidencia supramunicipal de la Actuación Industrial Río do Pozo sector II, foi aprobado definitivamente o 18 de febreiro de 2000 (DOG N°39 25-2-2000). Realizouse para a implantación de dúas grandes industrias como son INDITEX e Madeiras do Noroeste, cuxo carácter loxístico precisaba de parcelas de grandes dimensións e cunhas necesidades singulares dentro do uso industrial en canto á dotación de prazas de aparcadoiro ou as diferentes edificacións que se integran dentro a parcela.

No presente Plan Xeral intégrase o sector II como solo urbano consolidado recollendo a ordenación detallada do proxecto sectorial no propio documento e con remisión á ordenanza Industrial, cunha normativa compatible coa ordenación existente.

10.3.5 PLAN SECTORIAL EÓLICO DE GALICIA

Dentro do concello de Narón só hai existe o parque eólico de Novo que comparte co concello de Valdoviño, segundo a “Resolución do 10 de xullo de 2001 pola que se declara a utilidade pública, en concreto, das instalacións do parque eólico denominado Novo e a compatibilidade do parque eólico denominado Novo coa concesión de explotación María Elena Leste, fracción primeira.” Este ámbito clasifícase como Solo Rústico de Protección de Infraestruturas as zonas afectadas polos aerogeneradores.

10.3.6 PLAN SECTORIAL DE APARCADOIROS DISUASORIOS

O Plan Sectorial de aparcadoiros disuasorios ligados ao fomento do transporte público e da viaxe compartida para a área metropolitana de Ferrol establece no concello de Narón dúas zonas de aparcadoiro disuasorio para fomentar o uso do ferrocarril ou do autobús como medio de transporte alternativo ao coche.

O PXOM considera estes ámbitos como sistemas xerais de infraestruturas de comunicación, existente para o aparcamento ligado ao apeadeiro de Santa Icí (xa executado) e o previsto no apeadeiro de Xuvia.

10.3.7 MAPAS ESTRATÉXICOS DE RUIDO

Incorpóranse na cartografía do PXOM os mapas estratéxicos de ruído e adáptase a ordenación en consecuencia.

No caso de que algún ámbito estea afectado por niveis de ruído superiores aos establecidos na normativa sectorial vixente en materia de ruído sinálase nas fichas urbanísticas. Os plans de desenvolvemento establecerán as limitacións que resulten necesarias e/ou as medidas correctoras pertinentes.

10.3.8 DIRECTRICES DE PAISAXE

Acompaña como anexo á presente memoria o estudo da paisaxe onde se xustifica a adaptación do PXOM ás directrices da Paisaxe.

10.3.9 OUTROS PLANS

No estudo ambiental estratéxico incorpórase a xustificación de coherencia con outros Plans de contido ambiental como poden ser o Plan Director Rede Natura 2000, de recuperación e conservación de especies ameazadas, xestión do lobo e especies exóticas invasoras.

10.4 COHERENCIA COA LEXISLACIÓN SECTORIAL

Achégase como anexo a xustificación de integración das lexislacións sectoriais 03.2ANX_SEC.

11. A XESTIÓN URBANÍSTICA. A EXECUCIÓN DO PLAN. SISTEMA DE PONDERACIÓN. ÁREAS DE REPARTICIÓN. O APROVEITAMENTO XERAL

11.1 CRITERIOS DE XESTIÓN. A EXECUCIÓN DO PLAN. ÁREAS DE REPARTICIÓN

O artigo 97.1 LSG establece que os plans xerais deben delimitar áreas de repartición de cargas e beneficios no solo urbano non consolidado, no solo urbanizable e en solo de núcleo rural cando se contemplan áreas de actuación integral que requiran das mesmas.

Deste xeito o PXOM define 92 áreas de repartición, unha por cada sector de solo urbanizable, unha por cada un dos ámbitos de solo urbano non consolidado e por cada actuación de carácter integral en núcleo rural. Para cada unha destas áreas fíxase o sistema de actuación aos efectos da distribución entre os propietarios incluídos nela a totalidade das cargas e beneficios impostos polo planeamento, fixando o PXOM a maioría dos ámbitos por compensación fixando a LSG os mecanismos para a súa modificación en caso de que se pretendese adoptar calquera dos outros sistemas de actuación.

Toda vez que a totalidade dos sectores de solo urbanizable, ámbitos de solo urbano non consolidado e actuacións de carácter integral conforman áreas de repartición unitarias en virtude do artigo 99 LSG, este PXOM opta por derivar aos plans que conteñan a ordenación detallada o establecemento dos coeficientes de ponderación relativa e o aproveitamento tipo, solución que entendemos non só axustada a dereito senón máis realista e adecuada se temos en conta que o mercado inmobiliario é volátil, polo que será máis preciso o aproveitamento obtido no momento da redacción do planeamento de desenvolvemento que o que puidese prever este Plan hoxe.

As áreas de planeamento incorporado contan co instrumento de equidistribución aprobado definitivamente, polo que non se incorporan co mo áreas de repartición agás a API-SUB-07.IND con dous polígonos de xestión pendentes de equidistribuir.

No PXOM establécese en casos puntuais a adscrición de determinadas áreas de sistemas xerais en solo rústico ao desenvolvemento de ámbitos de solo urbano non consolidado.

No anexo á normativa urbanística restablécese as determinacións para o desenvolvemento deste ámbitos especificando os parámetros necesarios para a xestión das áreas de repartición, cos datos que se resumen na seguinte táboa:

ÁREA REPARTICIÓN	CÓD.	CLASE SOLO	SUP. BRUTA. (m ²)	SX INCLUIDOS OU ADSCRITOS (m ²)	SUP. A.R.. (m ²)	SISTEMA DE ACTUACIÓN
SOLO URBANIZABLE						
AR-	SUB-01	SUB	38.675	-	38.675	COMPENSACIÓN
AR-	SUB-02	SUB	133.336	-	133.336	COMPENSACIÓN
AR-	SUB-03	SUB	46.71	-	46.731	EXPROPIACIÓN
AR-	SUB-04	SUB	164.880	-	164.880	COMPENSACIÓN
AR-	SUB-05	SUB	58.361	-	58.361	COMPENSACIÓN
AR-	SUB-06	SUB	234.409	-	234.409	COMPENSACIÓN
AR-	SUB-07	SUB	555.274	-	555.274	COMPENSACIÓN
AR-	SUB-08	SUB	723.280	-	723.280	EXPROPIACIÓN
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO						
AR-	AC-01	SUNC	20.026	SX. EL. INCL: 6.978	20.026	COOPERACIÓN
AR-	AC-02	SUNC	9.627	SX. EL. INCL: 4.825	9.627	COOPERACIÓN
AR-	AC-04	SUNC	29.327	SX. EL. INCL: 12.021	29.327	COOPERACIÓN
AR-	AC-06	SUNC	15.175	-	15.175	COOPERACIÓN
AR-	AC-07	SUNC	6.906	-	6.906	COMPENSACIÓN
AR-	AC-08	SUNC	8.975	SX. EL. INCL: 3.604	8.975	COOPERACIÓN
AR-	AC-09	SUNC	7.747	-	7.747	COOPERACIÓN
AR-	AC-10	SUNC	10.442	-	10.442	COMPENSACIÓN
AR-	AC-11	SUNC	7.091	-	7.091	COMPENSACIÓN
AR-	AC-12	SUNC	24.678	-	24.678	COOPERACIÓN
AR-	AC-13	SUNC	6.911	-	6.911	COMPENSACIÓN
AR-	AC-14	SUNC	15.971	-	15.971	COMPENSACIÓN
AR-	AC-15	SUNC	17.961	-	17.961	COMPENSACIÓN
AR-	AC-16	SUNC	8.910	-	8.910	COMPENSACIÓN
AR-	AC-17	SUNC	25.978	SX. EL. ADSCR: 12.208	38.186	COOPERACIÓN
AR-	AC-18	SUNC	3.248	-	3.248	COMPENSACIÓN
AR-	AC-19	SUNC	3.666	-	3.666	COMPENSACIÓN
AR-	AC-20	SUNC	3.550	-	3.550	COMPENSACIÓN
AR-	AC-21	SUNC	3.781	-	3.781	COMPENSACIÓN

ÁREA REPARTICIÓN	CÓD.	CLASE SOLO	SUP. BRUTA. (m ²)	SX INCLUIDOS OU ADSCRITOS (m ²)	SUP. A.R.. (m ²)	SISTEMA DE ACTUACIÓN
AR-	AC-22	SUNC	4.831	-	4.831	COMPENSACIÓN
AR-	AC-23	SUNC	50.542	SX. EL. INCL: 8836	50.542	COMPENSACIÓN
AR-	AC-24	SUNC	4.095	-	4.095	COMPENSACIÓN
AR-	F-01	SUNC	10.166	SX. EL. INCL: 594	10.166	COOPERACIÓN
AR-	F-02	SUNC	9.307	-	9.307	COMPENSACIÓN
AR-	F-03	SUNC	3.316	-	3.316	COMPENSACIÓN
AR-	F-04	SUNC	10.445	-	10.445	COMPENSACIÓN
AR-	F-05	SUNC	2.717	-	2.717	COMPENSACIÓN
AR-	F-06	SUNC	11.376	-	11.376	COMPENSACIÓN
AR-	F-07	SUNC	10.124	-	10.124	COMPENSACIÓN
AR-	F-08	SUNC	3.458	-	3.458	COMPENSACIÓN
AR-	F-09	SUNC	6.962	-	6.962	COMPENSACIÓN
AR-	F-10	SUNC	6.979	-	6.979	COMPENSACIÓN
AR-	F-11	SUNC	15.498	-	15.498	COOPERACIÓN
AR-	F-12	SUNC	60.410	-	60.410	COOPERACIÓN
AR-	F-13	SUNC	45.311	-	45.311	COOPERACIÓN
AR-	F-14	SUNC	10.501	-	10.501	COMPENSACIÓN
AR-	G-01	SUNC	2.049	-	2.049	COMPENSACIÓN
AR-	G-02	SUNC	2.359	-	2.359	COMPENSACIÓN
AR-	G-03	SUNC	2.226	-	2.226	COMPENSACIÓN
AR-	G-04	SUNC	2.420	-	2.420	COMPENSACIÓN
AR-	G-05	SUNC	7.682	-	7.682	COMPENSACIÓN
AR-	G-07	SUNC	4.729	-	4.729	COOPERACIÓN
AR-	G-08	SUNC	12.907	-	12.907	COOPERACIÓN
AR-	G-09A	SUNC	4.605	-	4.605	COMPENSACIÓN
AR-	G-09B	SUNC	1.836	-	1.836	COMPENSACIÓN
AR-	G-10	SUNC	8.576	-	8.576	COMPENSACIÓN
AR-	G-11	SUNC	10.233	-	10.233	COMPENSACIÓN
AR-	G-12	SUNC	1.080	SX. EL. INCL: 618	1.080	COMPENSACIÓN
AR-	G-13	SUNC	1.277	-	1.277	COMPENSACIÓN

ÁREA REPARTICIÓN	CÓD.	CLASE SOLO	SUP. BRUTA. (m ²)	SX INCLUIDOS OU ADSCRITOS (m ²)	SUP. A.R.. (m ²)	SISTEMA DE ACTUACIÓN
AR-	L-01	SUNC	23.180	-	23.180	COMPENSACIÓN
AR-	L-02	SUNC	54.072	SX. EL. INCL: 4.017	54.072	COMPENSACIÓN
AR-	L-03	SUNC	32.676	-	32.676	COMPENSACIÓN
AR-	L-04	SUNC	56.663	-	56.663	COMPENSACIÓN
AR-	OC-01	SUNC	15.700	-	15.700	COMPENSACIÓN
AR-	OC -02	SUNC	26.426	-	26.426	COMPENSACIÓN
AR-	OC -03	SUNC	10.923	-	10.923	COMPENSACIÓN
AR-	OC -04	SUNC	32.683	-	32.683	COMPENSACIÓN
AR-	P-01	SUNC	13.146	SX. EL. ADSCR: 5.721	18.867	COOPERACIÓN
AR-	P-02	SUNC	7.618	-	7.618	COMPENSACIÓN
AR-	P-03	SUNC	3.054	-	3.054	COMPENSACIÓN
AR-	P-04	SUNC	14.177	SX. EL. INCL: 11.835	14.177	COOPERACIÓN
AR-	P-05	SUNC	13.045	-	13.045	COMPENSACIÓN
AR-	P-06	SUNC	7.260	-	7.260	COMPENSACIÓN
AR-	P-07	SUNC	12.101	-	12.101	COMPENSACIÓN
AR-	P-08	SUNC	11.449	-	11.449	COMPENSACIÓN
AR-	P-09	SUNC	24.362	SX. EL. INCL: 6.736 SX. EQ. INCL: 4.313	24.362	COOPERACIÓN
AR-	P-10	SUNC	9.540	SX. EL. INCL: 6.007	9.540	COOPERACIÓN
AR-	P-11	SUNC	14.628	-	14.628	COMPENSACIÓN
AR-	S-01	SUNC	3.661	-	3.661	COMPENSACIÓN
AR-	S-02	SUNC	11.916	-	11.916	COMPENSACIÓN
AR-	S-03	SUNC	2.627	-	2.627	COOPERACIÓN
AR-	S-04	SUNC	4.413	-	4.413	COMPENSACIÓN
AR-	X-01	SUNC	12.073	SX. EL. INCL: 4.154	12.073	COMPENSACIÓN
AR-	X-02	SUNC	25.223	-	25.223	COOPERACIÓN
AR-	X-03	SUNC	8.968	-	8.968	COMPENSACIÓN
AR-	X-04	SUNC	4.559	-	4.559	COMPENSACIÓN
AR-	X-05	SUNC	13.660	-	13.660	COMPENSACIÓN
AR-	X-06	SUNC	12.219	-	12.219	COMPENSACIÓN

ÁREA REPARTICIÓN	CÓD.	CLASE SOLO	SUP. BRUTA. (m ²)	SX INCLUIDOS OU ADSCRITOS (m ²)	SUP. A.R.. (m ²)	SISTEMA DE ACTUACIÓN
AR-	X-07	SUNC	2.612	-	2.612	COMPENSACIÓN
ACTUACIÓN DE CARÁCTER INTEGRAL EN NÚCLEO RURAL						
AR-	AAI-01	SNR	49.970	-	49.970	COOPERACIÓN
AR-	AAI-02	SNR	33.792	-	33.792	COOPERACIÓN
AR-	AAI-03	SNR	23.006	-	23.006	COOPERACIÓN
AR-	AAI-04	SNR	14.721	-	14.721	COOPERACIÓN
AR-	AAI-05	SNR	22.824	-	22.824	COOPERACIÓN

11.2 O APROVEITAMENTO XERAL. EQUILIBRIO

De conformidade co establecido polo artigo 97 da LSG e 234 do seu Regulamento, o Plan Xeral delimita 92 áreas de repartición en solo urbanizable, en solo urbano non consolidado e nas áreas con actuacións de carácter integral nos núcleos rurais.

A delimitación das áreas de repartición efectúase tendo en conta o equilibrio de cargas e beneficios entre as distintas áreas así como a proporcionalidade entre a edificabilidade resultante e as cargas asignadas e sempre en relación á posición territorial que ocupan, en base aos distritos que delimita o Plan Xeral.

Non é preciso garantir o equilibrio no solo urbanizable dado que non se delimitan áreas de uso residencial ou hoteleiro, aplicándose ao solo urbano non consolidado nos que son precisos procesos de urbanización mediante actuación urbanizadora de carácter integral o principio de non existir unha diferenza porcentual superior ao 20% do aproveitamento xeral.

Así conforme ao sinalado en apartados correspondentes reflíctese a continuación as distintas áreas de repartición en solo urbano non consolidado (URBA) de uso residencial, así como o seu aproveitamento xeral.

ÁREA DE REPARTICIÓN	CÓDIGO	EDIFICAB (m ² /m ²)	SUP. NETA(m ²)	SUP. SX ADSCRITO (m ²)	APROV. XERAL (m ² /m ²)
AR-	AC-04	0,4	28.027	-	0,4
AR-	AC-17	0,70	25.726	12.208	0,47
AR-	AC-23	0,40	50.008	-	0,40
AR-	F-11	0,50	15.122	-	0,50
AR-	F-12	0,40	59.539	-	0,40
AR-	F-13	0,40	43.503	-	0,40
AR-	L-04	0,45	47.443	-	0,45
AR-	OC -02	0,4	25.460	-	0,4
AR-	P-09	0,45	23.900	-	0,45
AR-	P-11	0,4	13.112	-	0,4

Como se desprende da táboa nos solos urbanos non consolidados de uso residencial nos que son precisos procesos de urbanización mediante actuación urbanizadora de carácter integral non existe unha diferenza porcentual superior ao 20% de aproveitamento xeral.

11.3 ESTRATEXIA DE ACTUACIÓN. PRIORIDADES

Os criterios adoptados na estratexia de actuación referentes as actuacións previstas son as seguintes:

- Necesidade da actuación por interese xeral.
- Viabilidade económica.
- Coherencia co desenvolvemento ordenado do PXOM.
- Predisposición ou demanda da actuación.
- Outros condicionantes particulares.

Segundo estes criterios establécese para cada unha das áreas de repartición o cuadrinio previsto para o seu desenvolvemento.

- **PRIORIDADE I (Q1)**

Intégranse neste cuadrienio (4 anos) os ámbitos de solo urbano non consolidado que contan con ordenación detallada (API) así como instrumentos de xestión en nalgúns casos proxecto de urbanización, así como outros tres ámbitos (G-07, S-03 e X-02) polo interese xeral no seu desenvolvemento. O sistema de actuación contemplado para estes tres últimos ámbitos é o de cooperación.

O polígono 1 do SUB-07 con ordenación detallada (API –SUB -07) e xestión e urbanización aprobados rematará o seu desenvolvemento neste primeiro cuadrienio, se non o acadou durante a tramitación do presente Plan.

- **PRIORIDADE 2 (Q2)**

Os criterio para o resto das actuacións é o desenvolvemento de ámbitos de solo urbano non consolidado nos tres cuadrienios, de maneira que se desenvolvan solos en todos os barrios de Narón, contando así con oferta de vivenda e novas dotacións.

No segundo cuadrienio prevese tendo en conta o interese xeral, a coherencia co desenvolvemento previsto así como a viabilidade o desenvolvemento de 19 dos ámbitos de solo urbano non consolidado (segundo a táboa que se achega a continuación).

Prevese tamén o desenvolvemento do SUB-01 de uso terciario, o SUB-03 dotacional de iniciativa municipal e de un dos polígonos do SUB-07 que xa conta con ordenación detallada e división en polígonos.

O prazo correspondente a este tipo é de 8 anos (segundo cuadrienio).

- **PRIORIDADE 3 (Q3)**

As actuacións con menor urxencia e que no revisten un menor interese xeneral, precisando axustes propios para o seu desenvolvemento (por exemplo a predisposición dos propietarios, necesidades derivadas da evolución do mercado, ..). O prazo correspondente é de 12 anos (terceiro cuadrienio).

Intégranse neste cuadrienio 32 ámbitos de solo urbano non consolidado (distribuídos en todos os barrios) así como o solo urbanizable SUB-05 e o último dos polígonos do SUB-07

- **PRIORIDADE 4 (Q4)**

Actuacións que se podan derivar no tempo e/ou que non se consideran de interese xeneral, precisando axustes propios para o seu desenvolvemento, e cuxa execución se prevese moi diferida no tempo. O prazo correspondente é de 16 anos (cuarto cuadrienio).

Intégranse 25 ámbitos de SUNC, o sector de solo urbanizable SUB04 así como o SUB-08 integrado no PSAEG.

As 6 áreas de actuación de carácter integral dilátanse a este cuarto cuatrienio por cooperación , se non existiu iniciativa privada nos anos anteriores.

Reflicítese na táboa a continuación a orden de prioridade dos diferentes desenvolvementos previstos no PXOM.

ÁREA REPARTICI ÓN	CÓD.	CLASE SOLO	PRIORIDADE
SOLO URBANIZABLE			
AR-	SUB-01	SUB	Q2
AR-	SUB-02	SUB	Q4
AR-	SUB-03	SUB	Q2
AR-	SUB-04	SUB	Q4
AR-	SUB-05	SUB	Q3
AR-	SUB-06	SUB	Q4
AR-	SUB-07	SUB	Q2/Q3
AR-	SUB-08	SUB	Q4
SOLO URBANO NON CONSOLIDADO			
	API-01-	SUNC	Q1
	API-02-	SUNC	Q1
	API-03-	SUNC	Q1
	API-04-	SUNC	Q1
	API-05-	SUNC	Q1
	API-06-	SUNC	Q1
AR-	AC-01	SUNC	Q3
AR-	AC-02	SUNC	Q2
AR-	AC-04	SUNC	Q3
AR-	AC-06	SUNC	Q3
AR-	AC-07	SUNC	Q2
AR-	AC-08	SUNC	Q4
AR-	AC-09	SUNC	Q4
AR-	AC-10	SUNC	Q3
AR-	AC-11	SUNC	Q3
AR-	AC-12	SUNC	Q4

ÁREA REPARTICI ÓN	CÓD.	CLASE SOLO	PRIORIDADE
AR-	AC-13	SUNC	Q4
AR-	AC-14	SUNC	Q2
AR-	AC-15	SUNC	Q3
AR-	AC-16	SUNC	Q3
AR-	AC-17	SUNC	Q3
AR-	AC-18	SUNC	Q4
AR-	AC-19	SUNC	Q4
AR-	AC-20	SUNC	Q3
AR-	AC-21	SUNC	Q2
AR-	AC-22	SUNC	Q4
AR-	AC-23	SUNC	Q4
AR-	AC-24	SUNC	Q4
AR-	F-01	SUNC	Q2
AR-	F-02	SUNC	Q3
AR-	F-03	SUNC	Q2
AR-	F-04	SUNC	Q4
AR-	F-05	SUNC	Q3
AR-	F-06	SUNC	Q4
AR-	F-07	SUNC	Q3
AR-	F-08	SUNC	Q2
AR-	F-09	SUNC	Q3
AR-	F-10	SUNC	Q4
AR-	F-11	SUNC	Q3
AR-	F-12	SUNC	Q3
AR-	F-13	SUNC	Q3
AR-	F-14	SUNC	Q4
AR-	G-01	SUNC	Q4
AR-	G-02	SUNC	Q2
AR-	G-03	SUNC	Q3
AR-	G-04	SUNC	Q3

ÁREA REPARTICI ÓN	CÓD.	CLASE SOLO	PRIORIDADE
AR-	G-05	SUNC	Q2
AR-	G-07	SUNC	Q1
AR-	G-08	SUNC	Q4
AR-	G-09A	SUNC	Q3
AR-	G-09B	SUNC	Q3
AR-	G-10	SUNC	Q4
AR-	G-11	SUNC	Q3
AR-	G-12	SUNC	Q2
AR-	G-13	SUNC	A2
AR-	L-01	SUNC	Q2
AR-	L-02	SUNC	Q3
AR-	L-03	SUNC	Q2
AR-	L-04	SUNC	Q4
AR-	OC-01	SUNC	Q3
AR-	OC -02	SUNC	Q4
AR-	OC -03	SUNC	Q2
AR-	OC -04	SUNC	Q4
AR-	P-01	SUNC	Q2
AR-	P-02	SUNC	Q4
AR-	P-03	SUNC	Q4
AR-	P-04	SUNC	Q3
AR-	P-05	SUNC	Q3
AR-	P-06	SUNC	Q3
AR-	P-07	SUNC	Q4
AR-	P-08	SUNC	Q3
AR-	P-09	SUNC	Q3
AR-	P-10	SUNC	Q4
AR-	P-11	SUNC	Q3
AR-	S-01	SUNC	Q4
AR-	S-02	SUNC	Q3

ÁREA REPARTICIÓN	CÓD.	CLASE SOLO	PRIORIDADE
AR-	S-03	SUNC	Q1
AR-	S-04	SUNC	Q2
AR-	X-01	SUNC	Q2
AR-	X-02	SUNC	Q1
AR-	X-03	SUNC	Q3
AR-	X-04	SUNC	Q3
AR-	X-05	SUNC	Q4
AR-	X-06	SUNC	Q2
AR-	X-07	SUNC	Q2
ACTUACIÓN DE CARÁCTER INTEGRAL EN NÚCLEO			
AR-	AAI-01	SNR	Q4
AR-	AAI-02	SNR	Q4
AR-	AAI-03	SNR	Q4
AR-	AAI-04	SNR	Q4
AR-	AAI-05	SNR	Q4

12. .DIMENSIONADO DO PLAN.

Un dos obxectivos de calquera Plan Xeneral é resolver as necesidades da poboación municipal en materia de vivenda. Para elo débense conciliar cuestións de diversa índole. Por unha parte é necesario deseñar os mecanismos que permitan a posta no mercado das suficientes vivendas para cubrir a demanda poboacional. Por outro, el Plan debe manexar criterios non só cuantitativos senón tamén cualitativos, e favorecer a estruturación do territorio, fomentando el cosido de tecidos urbanos mediante o desenvolvemento de baleiros de maneira que o resultado futuro sexa o de unha cidade máis cohesionada en todos os sentidos. E todo isto faise sempre en función do uso racional e sostible dos recursos e tendo en conta a capacidade de carga do propio territorio.

Seguindo estes principio o Plan non delimita novos desenvolvementos de solo urbanizable de carácter residencial. As propostas de desenvolvemento céntranse nos ámbitos de solo urbano non consolidado ben sexan actuacións de urbanización ou de reforma urbana no interior do núcleo urbano de Narón de maneira que se ordenen e completen os baleiros existentes cosendo os tecidos preexistentes dentro da pegada urbana que ten o principal asentamento e que deben dos planeamentos anteriores. Deste xeito foméntase a mobilidades sostible ao reducir o número e lonxitude dos desprazamentos necesarios e contribúe á cohesión social.

No territorio identifícanse e delimítanse os núcleos existentes, con topónimo recoñecido diferenciando os asentamentos tradicionais e recollendo unha realidade moi espallada no territorio.

En canto á dimensión dos desenvolvementos a LSG ten en conta estas cuestións e no artigo 41 (64 RLSG) define os “límites de sustentabilidade”, que para concellos con poboación superior a 20.000 habitantes e inferior a 50.000, caso de Narón, son os seguintes:

- Solo Urbano Non Consolidado de uso residencial ou hoteleiro: 1 m²e/m².
- Solo Urbanizable de uso residencial ou hoteleiro: 0,85 m² m²e/m²..
- Solo Urbano Non Consolidado e Urbanizable de uso industrial: a superficie total edificable non poderá superar o límite resultante de aplicar o índice de edificabilidade de 1 m²e/m²..

O cumprimento estrito destes estándares xustifícase no apartado 07 da presente memoria.

En canto ao cálculo da edificabilidade residencial o artigo 67 RLSG establece a metodoloxía que debe seguirse para o cálculo da capacidade máxima residencial do Plan, que define como

a suma nas capacidades máximas nas clases e categorías de solo susceptibles de albergar usos residenciais.

$$\text{CMR} = \text{SeUC} + \text{SeUNC} + \text{SeURB} + \text{SeNR}$$

Onde:

- CMR capacidade máxima residencial do plan xeral (m² edificables de uso residencial).
- SeUC superficie edificable total de uso residencial no solo urbano consolidado (m² edificables de uso residencial).
- SeUNC superficie edificable total de uso residencial en ámbitos de solo urbano non consolidado (m² edificables de uso residencial).
- SeURB superficie edificable total de uso residencial en sectores de solo urbanizable (m² edificables de uso residencial).
- SeNR superficie edificable total de uso residencial nos núcleos rurais delimitados no plan xeral (m² edificables de uso residencial).

12.1 CÁLCULO DA CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PXOM

Comezaremos calculando a capacidade máxima residencial en **solo urbano consolidado (SeUC)**, que conforme ao artigo 64.2 dedúcese da aplicación directa das ordenanzas establecidas. Este PXOM define cinco ordenanzas residenciais (Ord.1 a Ord.5).

Na Ord.1 residencial intensiva a edificabilidade calcúlase segundo a superficie e número de plantas definidas no plano de ordenación del solo urbano. Na ordenanzas 2 residencial en bloque aberto aplicamos os índices de edificabilidade fixados nas Normas.

Para o cálculo do número de vivendas aplicaremos unha relación de 100 m²e por vivenda para residencial colectiva.

Na ordenanza 3 de vivenda familiar realízase a estimación do número de vivendas partindo da estimación de parcelas segundo a parcela mínima a efectos de segregación, optamos por calcular o número de vivendas como a razón entre a superficie total e a de parcela mínima, se non a edificabilidade fixada en parcela desvirtúa o dato (por exemplo, que nun solar de 800 m²pódanse construír 400 m² edificables pese a que só se podería edificar unha vivenda).

Por último, nas ordenanzas 4 e 5, fincas singulares e conservación da ordenación respectivamente, a edificabilidade é a existente.

Obtemos así que a capacidade residencial máxima do solo urbano consolidado é de **3.590.760m²e**, nas que se poden chegar a edificar 23.453 vivendas das que 16.064 son existentes polo que o incremento máximo do PXOM supón 7.389 vivendas.

O cálculo da superficie total edificable de uso residencial no **solo urbano non consolidado (SeUNC)** realizarase tendo en conta o disposto nos artigos 64.5 e 120 e segundo a seguinte fórmula:

$$\text{SeUNC} = \sum_{i=1}^n E_i \times S_i$$

Onde:

SeUNC superficie total edificable de uso residencial en ámbitos de solo urbano non consolidado (m²edificables de uso residencial).

E_i edificabilidade de uso residencial asignada ao ámbito i.

S_i superficie de uso residencial do ámbito i.

i identificación do ámbito concreto de solo urbano non consolidado.

n número total de ámbitos de solo urbano non consolidado de uso residencial.

O índice de edificabilidade aplicarase sobre a superficie total do ámbito, computando os terreos destinados a novos sistemas xerais incluídos nel, e coa exclusión, en todo caso, dos terreos reservados para dotacións públicas existentes que o plan manteña e dos destinados a sistemas xerais adscritos para efectos de xestión que se sitúen fóra do ámbito.

Deste xeito obtense unha superficie edificable total de uso residencial en ámbitos de solo urbano non consolidado de 855.125m².

Para a estimación de vivendas simulouse a ordenación da edificabilidade do ámbito, e realizouse unha estimación do número de vivendas tendo en conta a situación de zonas comúns.

A capacidade residencial máxima do solo urbano non consolidado, incluídos os ámbitos que contan con planeamento aprobado e incorporados como API é de 855.152 m²e, que se traduce nun total de 5.801 vivendas existindo na actualidade 225 nos ámbitos a desenvolver (3,87%) e 5.576 vivendas novas (96,12%)

Non se prevé **edificabilidade residencial no solo urbanizable** (SeURB= 0)

Para o cálculo da capacidade residencial en **solo de núcleo rural (SeNR)** o Regulamento establece que se estimará segundo as ordenanzas previstas e a superficie total edificable que se deduce dos cálculos de consolidación realizados conforme ao disposto no artigo 35.

Así pois, aplícase a seguinte fórmula:

$$\text{SeNR} = \text{NTP} \times \text{SMV} \times \text{FC}$$

Onde:

SeNR superficie total edificable de uso residencial no solo de núcleo rural (m² edificables de uso residencial).

NTP número total de parcelas edificables no núcleo, segundo o método establecido no plan para a xustificación da consolidación dos distintos núcleos delimitados, de acordo co artigo 35.

SMV superficie media da vivenda permitida no núcleo. Salvo que o plan estableza xustificadamente outro valor, considerarase unha media de 200 m² edificables de uso residencial para cada parcela.

FC factor de corrección, que terá un valor de 0,75. Este factor corrixe as posibles desviacións polo cómputo do viario e a consideración de que parte das edificacións se poidan dedicar a usos distintos do residencial.

Tendo en conta os datos das fichas de número máximo de vivendas nos núcleos rurais tradicionais e comúns é de 4.305 vivendas. Das que 3.016 son existentes, supondo un incremento de 1.289 vivendas.

Para o cálculo da superficie total edificable residencial en núcleo rural calcúlase multiplicando o número total de parcelas edificables por unha superficie media construída de 200 m², resultado ao que aplicamos o factor de corrección de 0,75 o que supón un total de 755.850m²

12.2 CAPACIDADE MÁXIMA DO PXOM

Con todo o exposto, a capacidade máxima residencial deste PXOM ascende a 5.201.762m² cun total de 33.559 vivendas, das que 20.039 son existentes, o 57,53% e 14.254 novas (42,47%), segundo a seguinte táboa:

	SUC		SUNC		SNR		TOTAL	
	Nº viv	%	Nº viv	%	Nº viv	%	Nº viv	%
EXISTENTES	16.064	68,49% SUC 83,22% EXIST	225	3,88% SUNC 1,16% EXIST	3016	70,06% SNR 15,62% EXIST	19.305	57,53%
NOVAS	7.389	31,51% SUC 51,84% NOVAS	5.576	96,12% SUNC 39,12% NOVAS	1289	29,94% SNR 9,04% NOVAS	14.254	42,47%
TOTAL	23.453	69,89%	5.801	17,29%	4.305	12,83%	33.559	100%

O artigo 68 RLSG establece que o Plan debe fundamentar as súas previsións residenciais nun diagnóstico xustificado das necesidades en materia de vivenda e define a metodoloxía para facelo. Non obstante, afirma expresamente que só se deberán xustificar os solos urbanizables residenciais, resultando exentos os desenvolvementos en solo urbano e núcleo rural.

Narón é o exemplo perfecto de porqué o lexislador realiza esta distinción. O elevado número de vivendas propostas non devén dun Plan expansivo de ocupación de solo senón que se trata do recoñecemento da realidade urbana consolidada e a colmatación do solo non consolidado no interior da pegada urbana para conectar e estruturar os tecidos existentes, así como o recoñecemento dos núcleos rurais cumprindo cos graos de consolidación establecidos pola lexislación.

12.3 XUSTIFICACIÓN DOS DESENVOLVEMENTOS RESDENCIAIS PROPOSTOS EN SOLO URBANIZABLE

O artigo 68 da LSG establece que o PXOM, de acordo co establecido nas DOT deberá fundamentar as súas previsións de desenvolvementos de carácter residencial nun diagnóstico xustificando a necesidade de novas vivendas no horizonte temporal establecido na súa estratexia de actuación que, a tal efecto, deberá fundamentarse nas previsións do ritmo da evolución das condicións sociodemográficas e socioeconómicas do seu ámbito de influencia.

O PXOM non clasifica ningún sector de solo urbanizable no que se prevea a implantación de usos residenciais.

Polo tanto non é precisa a xustificación da necesidade dado que o Plan recoñece a pegada urbana do núcleo de Narón delimitando os ámbitos de non consolidado que nos que se procederá a actuacións de urbanización ou reforma interior para o cosido do tecido urbano. A súa vez identifícanse e delimítanse os núcleos rurais conforme as determinacións establecidas no planeamento.

Äsinado en A Coruña en outubro de 2023

Alfredo Garrote Pazos. Arquitecto
Director dos traballos de redacción do PXOM

Valerio González Somoza. Arquitecto
Codirector dos traballos

Iria Pérez Miranda. Arquitecta
Codirectora dos traballos